

# tarrelos

FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA

NÚMERO 14 • NOVIEMBRE 2012



3 - Limiar

### FLORA MICOLÓXICA

4 - Aportación al conocimiento de los hongos entomopatógenos en Galicia (N.O. de la Península Ibérica)

7- *Stilbella byssiseda*, un curioso patógeno de *Myxomycetes*

10- *Trichophaea boudieri*, un curioso ascomiceto encontrado en Galicia

12- *Torrendia pulchella* (= *Amanita torrendii*): un fungo secotioide presente en Galicia.

19- Estudios sobre o xénero *Leucocoprinus* na Península Ibérica (III).

23- *Clitopilus hobsonii* y *Entoloma parasiticum*, dos pequenas especies de *Entolomataceae* presentes en la Costa da Morte

26- *Schizophyllum commune*: un fungo de interese etnomicolóxico

29- Paraíso micolóxico de la isla de Cortegada (Pontevedra)

31- Especies comestibles que se poden encontrar nas plantacións de eucalipto.

34- Media ducia de especies fúnxicas pouco frecuentes

### FLORA VASCULAR

37- Nuevo híbrido de orquídeas para la Flora de Galicia: *Serapias cordigera* x *Orchis morio*

39- Fotografiando las Orquídeas de Galicia.

### VARIOS

41- II Congreso de Asociacións Micolóxicas Federadas celebrado en Rábade (Lugo)

49- Ruta del Pico Cuiña

51- Tres lugares con nome de fungo

53- Agrupación Micolóxica "A Cantarela". Viaje a León-Asturias-Cantabria.

55- Una especie en continua expansión: el "Micofriki"

### MICOGASTRONOMÍA

57- El género *Amanita* en micogastronomía. Segunda parte.

63- Mycocrucigrama

64- Láminas de Mercedes Nodar (Asociación Estrada Micolóxica)

66- *Pluteus petasatus* en el norte de Portugal

### ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS

70- Actividades programadas polas asociacións para 2012.

# staff

TARRELOS é unha publicación da  
Federación Galega de Micología.

CIF: G-36640928

Tel.: 630 493 497

cantarela@cantarela.org

Depósito Legal: PO-388/04

ISSN: 1888-7066

## COORDINA

José Luis Tomé Ortega

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Jaime B. Blanco-Dios,

José Luis Tomé Ortega,

Carlos Álvarez Puga.



*Volvariella gloiocephala*  
J. L. Tomé

# #14

## Federación Galega de Micología

Presidente: C. Álvarez Puga

Vicpresidente: F. Riveiro Sanjurjo

Secretario: J.L. Tomé Ortega

Tesorería: C. Barreiro González



O pasado mes de xullo viu a luz oficialmente no DOGA, e despois dun longo proceso de varios anos, a lei 7/2012 de montes de Galicia. Centrándonos no estritamente micolóxico, a lei non introduce aspectos substancialmente novos á lexislación existente xa que, aínda que fai varias referencias importantes aos cogomelos, como no artigo 8 que recoñece aos fungos a súa condición de aproveitamentos forestais, o art. 58 que entende como actividade forestal o aproveitamento dos cogomelos, o art. 84 que outorga o titular do monte a propiedade dos recursos forestais (incluíndo os cogomelos) que nel se producen e o dereito o seu aproveitamento, o art. 85 que recoñece o dereito dos propietarios ao acoutamento das súas propiedades e o art. 102 que establece o rexistro de empresas do sector forestal (incluíndo as de cogomelos), estes aspectos xa estaban considerados, aínda que dun modo non tan explícito, na lei nacional de montes do ano 2003 (ley 43/2003 de montes: artigos 6, 31, 36 e 61).

Queda, polo tanto, pendente e posiblemente aínda afastada, a posibilidade dunha norma que especificamente regule os aproveitamentos micolóxicos, é dicir dunha norma que estableza e delimite claramente dereitos e obrigas, tipos de aproveitamentos posibles, prácticas prohibidas e cantidades e métodos permitidos para a recolección e protección dos fungos e, en definitiva, dunha norma que dea seguridade xurídica a todas as partes para evitar os conflitos, os excesos dalgúns colleiteiros desaprofundados e, sobre todo, que garanta a subsistencia do recurso.

É esta unha vella polémica entre os partidarios e detractores dunha posible regulación e a Federación Galega de Micología, que non podía quedar á marxe dun tema de tal transcendencia, asumiu unha posición común e de consenso sobre a base de todo un proceso de información e consulta realizado nos 2 últimos anos a través dos Congressos de Asociacións Micolóxicas celebrados en A Fervenza (O Corgo) e Rábade (Lugo) en 2011 e 2012. A posición asumida resúmese na primeira das conclusións do Congreso de Rábade:

*A Federación Galega de Micología é partidaria de que exista en Galicia unha norma que regule a recolección de cogomelos, sempre e cando esta teña en conta non só os criterios económicos senón sobre todo a sostibilidade do recurso e que esta regulación sexa froito do consenso e acordo, e teña en conta a opinión dos distintos axentes, incluíndo ás asociacións micolóxicas.*

Non é, polo tanto, esta posición un cheque en branco da Federación para que se estableza calquera tipo de regulación senón que esta, cando exista, terá que ser ante todo unha norma que protexa e defenda a estes seres vivos vitais para a persistencia dos ecosistemas naturais, e que son o motivo da nosa afección e paixón: os fungos. O noso compromiso será velar para que así sexa...

# Aportación al conocimiento de los hongos entomopatógenos en Galicia (N.O. de la Península Ibérica)

J. M. C. Marcote<sup>1</sup> & O. Requejo<sup>2</sup>

<sup>1</sup> Rúa de arriba, nº 1, Cee E-15270, A Coruña. Asociación Micológica Naturalista Pan de Raposo. marcotecee@gmail.com

<sup>2</sup> San Xurxo, Laxe 12 B, Salceda de Caselas E-36473, Pontevedra. Grupo Micológico Galego. oscarequejo@hotmail.com

## RESUMEN

Se describe *Isaria farinosa* (Holmsk.) Fr., un hongo poco conocido en Galicia pero de gran valor ecológico.

**Palabras clave:** *Isaria farinosa*, hongos entomopatógenos, taxonomía, Galicia, España

## ABSTRACT

**Contribution to the knowledge of the entomological fungi in Galicia (N.O. of the Iberian Peninsula).**

*Isaria farinosa* (Holmsk.) Fr., a mushroom little known in Galicia but of great ecological value, is described.

**Key words:** *Isaria farinosa*, entomological fungi, taxonomy, Galicia, Spain.

## ► INTRODUCCIÓN

Siguiendo la línea de otros trabajos, en los que se tratan algunas especies de hongos entomopatógenos (DE LA PEÑA LASTRA, 2006; LÓPEZ GOLDAR & LÓPEZ NÚÑEZ, 2009), en el presente artículo vamos a describir el taxón *Isaria farinosa* (Holmsk.) Fr, tradicionalmente conocido como *Paecilomyces farinosus* (Holmsk.) A.H.S. Br. & G. Sm, un hongo poco conocido en Galicia pero de gran valor ecológico, ya que se trata de otra de las especies encargadas de la regulación natural de las poblaciones de insectos (LOPEZ-LLORCA & JANSSON, 2007).

## DESCRIPCIÓN

*Isaria farinosa* (Holmsk.) Fr., *Syst. mycol.* (Lundae) 3(2): 271 (1832)

=*Paecilomyces farinosus* (Holmsk.) A.H.S. Br. & G. Sm., *Trans. Br. mycol. Soc.* 40(1): 50 (1957)

Sinnema de 1,5-2 cm de alto, formado por unos apéndices claviformes estériles con la base ensanchada, que emergen a lo largo de la crisálida hospedante. El tramo terminal, mas menos un tercio, está fuertemente ramificado. Todo el carpóforo es de color blanco amarillento, con zonas blanco-ocráceas al secar y está recubierto de una pruina blanquecina, más abundante en las ramificaciones apicales, lo que le da un aspecto pulverulento.

Conidióforos ramificados, de 200 a 300  $\mu\text{m}$ , con 3-4 fiálides de 15 x 2  $\mu\text{m}$ , que portan conidios elipsoides de 2-3 x 1-1,5  $\mu\text{m}$ .

**Material estudiado:** PONTEVEDRA: Vila de Cruces, Gres, sobre crisálida de lepidóptero enterrado y sin identificar, J.M.C. Marcote, PR1170504101. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, 69 m, sobre crisálida de insecto enterrada y sin identificar, Ó. Requejo, REQ-Fungi 255.

**Observaciones:** el desarrollo de los sinnemas en todo el cuerpo del hospedante y la microscopía, nos llevan a la identificación de esta especie. De todas formas, la variabilidad y simplicidad de las especies de *Isaria*, hacen que sea muy difícil establecer límites entre *taxa* próximos y para una mejor delimitación, tendremos que esperar a los resultados de estudios futuros.

*Isaria* es uno de los más de 25 géneros anamorfos que se relacionan con *Cordyceps* Fr. (*Beauveria* Vuill., *Hirsutella* Pat., *Hymenostilbe* Petch, *Isaria* Fr., *Lecanicillium* W. Gams & Zare,...). Estos géneros anamorfos son *Hyphomycetes*, con estructuras conidiógenas, donde se producen los conidios.

*Isaria farinosa* pertenece a la familia *Cordycipitaceae* Kreisel y es una especie próxima al género *Cordyceps* (SUNG & al., 2007). Al buscar conexiones con teleomorfos de *Cordycipitaceae*, encontramos que



*Isaria farinosa* (PR1170504101). J.M.C. Marcote.



Detalle del ápice ramificado y pruinoso del sinnema. J.M.C. Marcote.

*Isaria farinosa* es el anamorfo de *Cordyceps memorabilis* (PAZIONI & FRIZZI, 1978), aunque erróneamente se asoció a *Cordyceps militaris* (PETCH, 1936). También está relacionada con dos especies de *Torribiella*, *Torribiella gonylecticida* (A. Möller) Petch y *Torribiella pulvinata* Mains. Los anamorfos de estas últimas fueron descritos como *Spicaria pulvinata* Mains y *Spicaria longipes* Petch respectivamente; más tarde SAMSON (1974) sinonimizó ambas especies con *Paecilomyces farinosus* (= *Isaria farinosa*).

*Isaria farinosa* ha sido encontrada sobre seis órdenes de insectos (*Lepidoptera*, *Coleoptera*, *Hemiptera*, *Homoptera*, *Diptera* e *Hymenoptera*) y también sobre arañas (*Araneae*).

Las especies del género *Isaria* son parásitas de insectos y nematodos, a los que atacan degradándoles la cutícula hasta penetrar dentro de

ellos y eliminarlos, habitualmente cuando están enterrados en fase de pupa (LÓPEZ-LLORCA & OLIVARES-BERNABEU, 1994; LÓPEZ-LLORCA & al 2002). Debido a esta característica es habitual encontrar estudios para producirlos en laboratorios (MOURA & al, 2010; JACKSON & al, 2010) y utilizarlos como arma biológica frente a una gran variedad de plagas como podrían ser algunos tipos de mildiu o incluso la procesionaria del pino (*Thaumetopoea pityocampa*) (MOHANAN, 1988; LÓPEZ-LLORCA & OLIVARES-BERNABEU, 1994; SZENTIVÁNYI & al, 2006; TOLEDO & al, 2007; ZIMMERMANN, 2008).

Otro interesante uso de este hongo se encuentra en el campo sanitario, ya que su micelio contiene sustancias hipoglucémicas y se están realizando estudios para utilizarlo en pacientes con diabetes (LU & al, 2010)

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

DE LA PEÑA LASTRA, S. (2006). Fungos entomopatógenos comunes. *Tarrelos* 8: 26-29.

JACKSON, M.A., DUNLAP, C.A. & JARONSKI, S. T. (2010). Ecological considerations in producing and formulating fungal entomopathogens for use in insect biocontrol. *Bio Control* 55:129-145.

LÓPEZ GOLDAR, X. & LÓPEZ NÚÑEZ, F.A. (2009). *Entomophthora muscae* sensu lato, un parasitoide de *Musca domestica*: biología e reproducción. *Mykes* 12: 71-77.

LÓPEZ-LLORCA, L.V. & OLIVARES-BERNABEU, C. (1994). Crisálidas de procesionaria del pino (*Thaumetopoea pityocampa*) infectadas por el hongo entomófago *Paecilomyces farinosus*. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 19:187-191.

LOPEZ-LLORCA, L.V. & JANSSON, H. (2007). Fungal parasites in invertebrates: Multimodal biocontrol agents?. *Exploitation of Fungi* 310-335.

LÓPEZ-LLORCA, L.V., CARBONELL, T. & GOMEZ-VIDAL, S. (2002). Degradation of insect cuticle by *Paecilomyces farinosus* proteases. *Mycological Progress* 1(3): 249-256.

LU, H., JIAN, C., CHEN, S., CHEN, T., LEE, S., CHANG, C. & WENG, C. (2010). Hypoglycaemic effects of fermented mycelium of *Paecilomyces farinosus* (G30801) on high-fat fed rats with streptozotocin-induced diabetes. *Indian J. Med. Res.* 131: 697-701.

MOHANAN, C. (1988). *Paecilomyces farinosus*, a potential biocontrol agent of some lepidopterous tree pest in India. *Trans. Br. Mycol. Soc.* 90(1): 119-122.

MOURA, G., BATISTA, S. & BIAGGIONI, R. (2010). Culture Media Selection for Mass Production of *Isaria fumosorosea* and *Isaria farinosa*. *Braz. Arch. Biol. Technol.* 53(4): 753-761.

PACIONI, G. & FRIZZI, G. (1978). *Paecilomyces farinosus*, the conidial state of *Cordyceps memorabilis*. *Canadian Journal of Botany* 56: 391-394.

PETCH, T. (1936). *Cordyceps militaris* and *Isaria farinosa*. *Trans. Brit. Mycol. Soc.* 20: 216-224.

SAMSON R.A. (1974). *Paecilomyces* and some allied hyphomycetes. *Studies in Mycology* 6. Centraalbureau voor Schimmelcultures, Baarn.

SEEVER, J. (1911). The *Hypocreales* of North America-IV. *Mycologia* 5(3): 207-232.

SUNG, G., HYWEL-JONES, L., SUNG, J., LUANGSA-ARD J.J., SHRESTHA, B. & SPATAFORA, J.W. (2007). Phylogenetic classification of *Cordyceps* and the clavicipitaceous fungi. *Studies in Mycology* 57: 5-59.

SZENTIVÁNYI, O., VARGA, K., WYAND, R., SLATTER, H & KISS, L. 2006. *Paecilomyces farinosus* destroys powdery mildew colonies in detached leaf cultures but not on whole plants. *European Journal of Plant Pathology* 115: 351-356.

TOLEDO, A.V., MARINO DE REMES LENICOV, A.M. & LÓPEZ, C.C. 2007. Pathogenicity of fungal isolates (*Ascomycota: Hypocreales*) against *Peregrinus maidis*, *Delphacodes kuscheli* (*Hemiptera: Delphacidae*), and *Dalbulus maidis* (*Hemiptera: Cicadellidae*), vectors of corn diseases. *Mycopathologia* 163: 225-232.

ZIMMERMANN, G. 2008. The entomopathogenic fungi *Isaria farinosa* (formerly *Paecilomyces farinosus*) and the *Isaria fumosorosea* species complex (formerly *Paecilomyces fumosoroseus*): biology, ecology and use in biological control. *Biocontrol Science and Technology* 18(9): 865-901.

# *Stilbella byssiseda*, un curioso patógeno de *Myxomycetes*

J. M. C. Marcote<sup>1</sup> & J. M. Costa Lago<sup>2</sup>

<sup>1</sup>marcotecee@gmail.com. Asociación Micológica Naturalista Pan de Raposo

<sup>2</sup>josemaria.costa@usc.es. Asociación Micológica Naturalista Pan de Raposo

## RESUMEN

Se describe *Stilbella byssiseda*, una curiosa especie anamorfa que parasita un *Myxomycete* (*Cribraria argillacea*).

**Palabras clave:** *Stilbella byssiseda*, *Myxomycetes*, taxonomía, Galicia, España

## ABSTRACT

*Stilbella byssiseda*, a pathogenic onlooker of *Myxomycetes*.

*Stilbella byssiseda*, a curious species anamorphic that parasitizes a *Myxomycete* (*Cribraria argillacea*).

**Key words:** *Stilbella byssiseda*, *Myxomycetes*, taxonomy, Galicia, Spain.

## ► INTRODUCCIÓN

Se describe una curiosa especie anamorfa que parasita *Myxomycetes*: ROGERSON; CLARK T. et al (1993) describen 9 ascomycetes y 26 hyphomycetes que colonizan las fructificaciones de *Myxomycetes*. Aunque la mayoría de estos hongos también colonizan otros tipos de sustratos, hay unas pocas especies que son específicas.

A modo de breve glosario, decir que anamorfo es el hongo con reproducción asexual, teleomorfo es el mismo hongo con reproducción sexual, aunque se les asignan distinto género y especie, y holomorfo se refiere al ciclo de vida completo. Los anamorfos producen conidios y los teleomorfos esporas. La parte del micelio que origina y soporta los conidios se denomina conidióforo. La célula en cuyo extremo se origina el conidio se llama fiálide y en el ápice suele formarse una estructura llamada collarín. La forma y ramificaciones de los conidióforos y las fiálides han sido caracteres importantes para la delimitación de géneros de anamorfos. El hábitat también suele ser un carácter importante a la hora de la identificación.

Los conidióforos pueden estar agrupados y entremezclados con hifas estériles dando lugar a un conidioma o synnema. El término *synnema* es introducido por SACCARDO (1906) para describir los conidiomas producidos por miembros de las "*Stilbaceae*", porque consideró que los términos

"coremiun" y "stroma" eran inaceptables. La palabra deriva del griego: "syn" (juntos) y "nema" (hilo, hebra), que describe la columna de hifas que forman el estipe. SACCARDO también introduce "capitulum" para el ápice esporífero del synnema. Así, podemos definir synnema como: Conidioma estipitado de un *Hyphomycete* en el cual, cuando la esporulación comienza, el estipe, en sección longitudinal, se ve como una composición de hifas no diferenciadas, o en textura porrecta, textura intrincada o más raramente en textura prismática.

## *Stilbella s.l.*

Es un género anamorfo de hyphomycetes, perteneciente a los *Hypocreales*, con un synnema característico, conidióforos ramificados monocasialmente o también verticilados o biverticilados, fiálides cilíndricas o subuladas, ausencia de un collarín brillante, aunque el engrosamiento apical es a menudo visible. Synnema blanco o rosa y a veces marrón o negro. No cambian de color con KOH o ácido láctico. Producen una masa conidial terminal mucilaginoso, cuyo color suele variar durante el desarrollo. Los conidios están inmersos en un denso y opaco mucilago y son globosos a oblongo elipsoidales, de menos de 10 micras, hialinos, de paredes finas y lisas y a veces contienen gúttulas. Los teleomorfos están clasificados en Ascomycete, orden Hypocreales, Clavicipitales, Helotiales y Eurotiales.



*Stilbella byssiseda* sobre *Cribaria argillacea*



*Stilbella byssiseda* sobre *Cribaria argillacea*



*Stilbella byssiseda*–fialides



*Stilbella byssiseda*–fialides

## DESCRIPCIÓN

*Stilbella byssiseda* (Pers.) Seifert, *Stud. Mycol.* **27**:61 (1985)

= *Stilbum byssisedum* Pers., *Mycol. eur.* (Erlanga) **1**: 347 (1822)

= *Stilbum orbiculare* Berk. & Broome, *Ann. Mag. Nat. His.*, Ser. 5 **1**:28 (1878)

= *Stilbella orbicularis* (Berk. & Broome) W. Gams, *Cephalosporium-artige Schimmelpilze* (Stuttgart): 230 (1971)

= *Blistum orbiculare* (Berk. & Broome) Ing, *Bull. Br. Mycol. Soc.* **10**(1): 30 (1976)

Descripción original: *album; plantulis gregariis e macula alba pulverulenta oriundis; stipite cylindrico tomentoso apice quandoque velo lacerato ornato; capitulo globoso; esporis oblongis minutis.*

Synnema: de 1-2.5 x 0.2-0.5 mm, erecto, cilíndrico capitado, claviforme o lateralmente comprimido, a veces prolifera dando lugar a 2 ó 3 nuevos synnemata. Pie de 1-3 x 0.2-0.5 mm, capítulo de 0.5-1 mm de diámetro. De color blanco, crema o ligeramente pardo en la base, finamente tomentoso. El capítulo es blanco al principio y al madurar se engrosa y se vuelve opalescente o translúcido, con el interior mucilaginoso. Subículo tomentoso blanquecino, que recubre al hospedador cerca del synnemata.

Microscopía: hifas del estipe con células mayoritariamente lisas o ligeramente rugosas. Conidióforos, de 1.8-2.5  $\mu$ m, ramificados en uno, dos o tres verticilos, con hifas septadas y sin fíbulas. Las fialides o células terminales donde se originan los conidios, son subuladas, es decir, cilíndricas estrechándose hacia el ápice y terminando en punta, derechas, curvadas o flexuosas, lisas, sin o con un septo y en verticilos de 3 a 5, con un tamaño de 20-35 x 1.8-2.3  $\mu$ m. Conidios elípticos alargados a cilíndricos, a veces ligeramente reniformes, sin septos, hialinos, de 4.7 [5.7; 6] 7 x 1.9 [2.3; 2.5] 2.9  $\mu$ m; Q = 1.8 [2.4; 2.5] 3.1; Me = 5.8 x 2.4  $\mu$ m; Qe = 2.4.

Hábitat: es un patógeno de *Myxomycetes* de los géneros *Cribraria*, *Didymium*, *Fuligo* y *Lindbladia*, que crece en colonias de individuos aislados, gregarios o densamente agrupados.

Teleomorfo desconocido, aunque otras especies del género tienen teleomorfos de la familia *Nectriaceae*.



Desarrollo y propagación: BULLER (1934) estudió la biología de este tipo de hongos. A partir del primordio crece el estipe y aparece muy tempranamente el capítulo, al principio el estipe se desarrolla verticalmente debido a la influencia de la gravedad pero pronto comienza a inclinarse, posiblemente inducido por un comportamiento quimiotáctico negativo de cada individuo en una colonia de muchos, siendo el resultado un crecimiento divergente. El margen del capítulo crece algo hacia abajo, a lo largo del estipe, formando una especie de brazaletes. Al madurar, el capítulo se separa del estipe pero permanece en el sitio sujeto por el borde del brazaletes. El capítulo se vuelve totalmente gelatinoso, pero no delicuescente, y se suelta fácilmente del pie por la acción del viento y al ser pegajoso se adhiere al sustrato, donde germina. La germinación también puede ocurrir, en condiciones de humedad, mientras el capítulo está sobre el estipe.

**Material estudiado:** la colección se halló en Santiago de Compostela, A Coruña, en el mes de julio de 2012, creciendo sobre *Cribraria argillacea*, que colonizaba

ampliamente un tronco de *Pinus pinaster* en avanzado estado de descomposición. Herbario: PR 1080712991.

**Observaciones:** se reconoce por el hábitat, como patógeno de *Myxomycetes*, la forma cilíndrica capitada de color blanco y los conidios elipsoides alargados. Se parece mucho a *Polycephalomyces tomentosus*, que es un patógeno exclusivo de *Myxomycetes* de la familia Trichiaceae, tiene el pie del synnema adornado con células globosas verrugosas laterales o terminales y conidios globosos, 2.5-3  $\mu\text{m}$ , o elipsoidales 1-6 x 1.5-2. *Stilbella byssiseda* no parasita a la familia Trichiaceae, tiene el pie del synnema sin células verrugosas y conidios cilíndricos o elipsoidales de 4.5-8 x 2-2.5. Hay otras especies de *Stilbella*, pero se diferencian bien a nivel microscópico.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CLÉMENÇON, H. (2004). Cytology and Plectology of the Hymenomycetes. *Bibliotheca Mycologica*, vol. 199. J. Cramer, Berlin, Stuttgart.
- ELLIS, M.B. & ELLIS, J.P. (1988). *Microfungi on miscellaneous substrates*. Timber Press, Portland, Oregon.
- GRÄFENHAN, T., SCHROERS, H.-J., NIRENBERG, H.J. & SEIFERT, K.A. (2011). An overview of the taxonomy, phylogeny, and typification of nectriaceous fungi in *Cosmospora*, *Acremonium*, *Fusarium*, *Stilbella*, and *Volutella*. *Studies in Mycology*, nº 68: 79-113. Centraalbureau voor Schimmelcultures, Utrecht, The Netherlands.
- ING, B. (1974). Mouldy Myxomycetes. *Bull. Brít. Mycol. Soc.* B: 25-30.
- JOHNOVÁ, MILENA (2009). Diversity and ecology of select lignicolous Ascomycetes in the Bohemian Switzerland National Park (Czech Republic). *Czech Mycol.* 61 (1): 81-97.
- ROGERSON, CLARK T.; STEPHENSON, STEVEN L. (1993). Myxomyceticolous Fungi. *Mycologia*, 85, pp. 456-469. The New York Botanical Garden, Bronx.
- SAMUELS, GARY J. (1973). The Myxomyceticolous Species of Nectria. *Mycologia*, Vol. 65, nº 2, pp. 401-420. Mycological Society of America Stable.
- SEIFERT, K.A. (1985). A Monograph of *Stilbella* and some allied Hyphomycetes. *Studies en Mycology*, nº 27. Centraalbureau voor Schimmelcultures, Utrecht, The Netherlands.

# *Trichophaea boudieri*, un curioso ascomiceto encontrado en Galicia

J. B. Blanco-Dios & A. Castro González

Asociación Micológica Brincaboís. R/ Fernando II, Nº 6, 1ª esq. 36003 Pontevedra. jbblandios@gmail.com

## RESUMO

Descríbese *Trichophaea boudieri*, especie sobre a que non temos noticia da súa presenza en Galicia.

**Palabras chave:** Humariaceae, *Trichophaea*, taxonomía, Galicia, España.

## SUMMARY

*Trichophaea boudieri*, an onlooker ascomycete found in Galicia.

There is described *Trichophaea boudieri*, species on which we do not have news of his presence in Galicia.

**Key words:** Humariaceae, *Trichophaea*, taxonomy, Galicia, Spain.

## ▶ INTRODUCCIÓN

Durante o estudo da biodiversidade da micobiota do río dos Gafos, Tomeza ou Toxal (curso fluvial que percorre parte dos concellos de Vilaboa e de Pontevedra) e que estamos a levar a cabo dende hai xa uns cantos anos, unha das especies máis interesantes que atopamos foi a que presentamos de seguido, *Trichophaea boudieri* Grélet. Trátase dunha especie que foi atopada sobre salgueiros (*Salix atrocinerea* Brot.) cubertos de brións, nun dos retais de ripisilva máis extensos dos que aínda se conservan nas marxes deste río, nun lugar que fica cáseque permanentemente enchoupado durante os meses en que frutifica esta rara especie.

## MATERIAL E MÉTODOS

Para a descrición macroscópica utilizáronse as notas tomadas nos exemplares frescos e coa axuda das fotografías feitas no momento da recolección. Os reactivos que se empregaron para levar a cabo o estudo microscópico foron vermello congo en auga ao 1% e KOH ao 3%. O material seco estudouse usando técnicas standard de microscopía. Os debuxos das distintas estruturas microscópicas realizáronse coa axuda dun microscopio óptico equipado cun tubo de debuxo ou cámara clara. As exsiccata consérvanse no herbario LOU-Fungi, situado no Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Pontevedra), dependente da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

## DESCRIPCIÓN

*Trichophaea boudieri* Grélet, *Bull. Soc. Mycol. Fr.* 33: 95.1917

Fructificacións de 0,5-1,5 mm, sésiles, primeiro globuloso-hemisféricas, finalmente cupuliformes ou campaniformes, coa marxe ciliada. Himenio liso de cor crema, ás veces ocráceo. Superficie externa e marxe recuberta de pelos longos de cor ocre-pardo.


Esporas de 18-20 x 10,5-12  $\mu\text{m}$ , elípticas, lisas, hialinas, sen gúttulas. Ascas de 210-225 x 10,5-12  $\mu\text{m}$ , octosporícas. Paráfisis septadas, gráciles e lixeiramente claviformes. Pelos de ata 525 x 13  $\mu\text{m}$ , lisos, marróns, septados, con paredes espesas, con extremo apuntado ou redondeado, con base atenuada ou bulbosa.

**Material estudado:** PONTEVEDRA: Pontevedra, Tomeza, 29TNG3095, 10 m, marxes do río dos Gafos, entre os brións da cortiza dun salgueiro (*Salix atrocinerea*), 28-XI-2010, J.R. López, A. Castro & J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19565; *ibidem*, 1-XII-2010, A. Castro & J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19566; *ibidem*, 7-XII-2010, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19567; *ibidem*, 16-XII-2010, A. Castro & J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19568.

**Observacións:** especie moi característica por varios aspectos: carpóforo cupuliforme ou campaniforme recuberto exteriormente de longos pelos marróns, tamaño esporal, presenza de longos pelos e hábitat



*Trichophaea boudieri*. A. Castro.



*Trichophaea boudieri* (LOU-Fungi 19565).

a. Esporas. b. Ascas. c. Paráfisis. d. Pelos. Barra= 10  $\mu$ m.

entre brións en bosques de ribeira (BREITENBACH & KRÄNZLIN, 1984; GRÉLET, 1979).

En base aos datos que temos, en Galicia este taxón non está citado (nen ningunha outra especie deste xénero) e só coñecemos unha mención desta especie en España: trátase dunha cita de Asturias, carente de descripción, incluída no catálogo provisional de macromicetos desa comunidade publicado por RUBIO *et al.* (2006).

#### AGRADECIMENTOS

Agradecemos a Juan Ramón López (Asociación Vaipolorío) a súa imprescindible colaboración na localización desta especie e doutras moitas durante o citado estudo da biodiversidade da micobiota do río dos Gaños e ao Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia), por facilitarnos a utilización, xestión e conservación do herbario LOU-Fungi.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. (1984). *Champignons de Suisse*. Tome I. Les Ascomycètes. Ed. Mykologia. Luzern. 310 pp.

GRÉLET, L.J. (1979). Les Discomycètes de France (reéd.). *Bull. Soc. Bot. Centre-Ouest* (num. spécial) 3: 1-709.

RUBIO, E., SUÁREZ, A., MIRANDA, M.A. & LINDE, J. (2006). *Catálogo provisional de los macromicetos (setas) de Asturias*. Ed.: Real Instituto de Estudios Asturianos. 478 pp.

# *Torrendia pulchella* (= *Amanita torrendii*): un fungo secotioide presente en Galicia.

J. Alonso Díaz

Sociedade Micolóxica Lucus. [lucos.alonso9@mundo-r.com](mailto:lucos.alonso9@mundo-r.com); [info@smlucus.org](mailto:info@smlucus.org)

## RESUMO

Neste artigo descríbese a especie secotioide *Torrendia pulchella* Bres. (= *Amanita torrendii* Justo), que foi encontrada na parroquia de Roblido, concello da Rúa de Valdeorras, Ourense, (Galicia, España) e se achegan as observacións macroscópicas e microscópicas realizadas sobre os exemplares recollidos. Revisáanse tamén outras citas coñecidas desta especie para Galicia.

**Palabras chave:** *Torrendia pulchella*, *Amanita torrendii*, secotioide, taxonomía, Galicia, España

## SUMMARY

***Torrendia pulchella* (= *Amanita torrendii*): a secotioid mushroom present in Galicia.**

In this article, the secotioid species *Torrendia pulchella* Bres. (= *Amanita torrendii* Justo) is described, which was found in Roblido, A Rúa de Valdeorras, Ourense (Galicia, Spain). Macroscopical and microscopical descriptions are based on the collected examples. We review other records known of this species in Galicia.

**Key words:** *Torrendia pulchella*, *Amanita torrendii*, secotioid, taxonomy, Galicia, Spain.

## ▶ INTRODUCCIÓN: OS FUNGOS SECOTIOIDES

O termo secotioide (etimolóxicamente significa coa forma ou aparencia dos fungos do xénero *Secotium*) aplícase a aqueles *basidiomycetes* cuxo basidiocarpio presenta unha morfoloxía intermedia entre as formas típicas agaricoides ou boletoides (pileo e estipe ben formados e himenóforo externo de láminas ou tubos con orientación xeotrópica -cara ao chan-), e as gasteroides (ou gastroides) con himenóforo interno e con formas, polo xeral, máis ou menos globosas ou tuberosas. Outras características dos fungos secotioides son: (i) non presentan balistosporas (esporas de liberación activa, proxectadas cando están maduras) como os fungos agaricoides senón estatismosporas (esporas de liberación pasiva) como os gasteroides, (ii) nalgunhas especies existe un estipe (pé) evidente, noutras só un vestixio interno deste, (iii) se presentan pileo (sombreiro) o borde está unido ao estipe ou só parcialmente aberto segundo especies, (iv) nalgunhas especies obsérvanse lamelas recoñecibles pero de aspecto engurrado e anastomosado, (v) noutras especies a zona fértil é interna e aseméllase á gleba dos fungos gasteroides (THIERS, 1984; HIBBETT *et al.*, 1997).

Os estudos moleculares e filoxenéticos demostran que tanto os fungos secotioides coma gasteroides son evolutivamente derivados das formas agaricoides ou boletoides, posiblemente como resposta a factores ambientais que implican climas con períodos prolongados de seca ou con bruscas diferenzas ou alternancias entre estacións húmidas e secas (THIERS, 1984; BRUNS *et al.*, 1998; PEINTNER *et al.*, 2001; JUSTO *et al.*, 2010).

Na figura 1 (adaptada de BRUNS *et al.*, 1989) pódese observar un esquema ilustrativo da dirección



FIG. 1: Adaptación evolutiva dos basidiomycetes para reducir a perda de auga

evolutiva de formas agaricoides a outras secotioides e gasteroides como proceso de selección para reducir a perda de auga, xa que as formas pechadas xunto coa tendencia ao enterramento (fungos hipogeos) favorece a conservación da humidade ante factores ambientais adversos (BRUNS *et al.*, 1989). A este proceso evolutivo denomínaselle gasteromicetación e aínda que se acompaña nas formas hipogeas dunha selección cara á dispersión animal, tamén se comprobou que as esporas dos gasteromycetes epigeos teñen un maior carácter hidrofóbico (repelen a auga, non a absorben) favorecendo o seu anemocoria (dispersión polo vento) (DÖRFELT & RUSKE, 2010).

Os *ascomycetes* tamén poden mostrar procesos evolutivos semellantes (figura 2, adaptada de KENDRICK, 2000) de tal forma que aos fungos (sexan basidio ou *ascomycetes*) cuxo himenóforo é interno e cuxas esporas non son activamente liberadas se lles denomina xenericamente fungos "secuestrados" (*sequestrate fungi*), como son as formas secotioides e gasteroides (KENDRICK, 2000; BOUGHER, N. L. & LABEL, A. (2001).




FIG. 2: Esquema evolutivo suxerido en *Pezizales* (*Ascomycetes*)

Polas razóns antes expostas existe unha maior presenza e diversidade de fungos secotioides en zonas de climas con estacións extremas especialmente dos continentes Americano e Austral, sendo na Península Ibérica especies máis raras presentes sobre todo nas áreas con climas mediterráneos e noutros casos, especies introducidas coas plantacións de árbores exóticos ou alóctonos como *Eucalyptus* (DÍEZ *et al.* 2010).

Alguns exemplos de series de especies (agaricoides ou boletoides, secotioides e gasteroides) emparentadas evolutivamente a través dun antepasado común (clados) son, por exemplo, diversas especies de *Suillus* (forma boletoides), *Gastroboletus* (forma secotioides) e *Rhizopogon* (forma gasteroides) constituíndo o chamado clado *Suilloide* (BRUNS *et al.*, 1989), diversas especies dos xéneros *Descolea* (formas agaricoides), *Setchelliogaster* (formas secotioides) e *Descomyces* (formas gasteroides) que conforman o clado *Descolea* (PEINTNER *et al.*, 2001) e moitos máis que poden evolucionar independentemente en función dos factores ambientais de tal maneira que algunhas formas están presentes nuns continentes e outras non, por exemplo *Chlorophyllum* (*Macrolepiota*) *rhacodes*, presente en España e en América representa o antecesor agaricoide da especie secotioides *Chlorophyllum* (*Endoptychum*) *agaricoides*, que tamén está presente en España e América e da especie gasteroides *Endoptychum* *arizonicum* neste caso só presente en USA e México (VELLINGA & DE KOK, 2002; VELLINGA *et al.* 2003).

**O xénero secotioides *Torrendia* Bres.**

O xénero *Torrendia* Bres. foi creado por Bresadola en 1902 para situar a unha pequena especie esbrancuxada de gasteromycete con presenza de pé e volva, localizada por primeira vez en Portugal polo micólogo Camillo Torrend e en cuxa honra Bresadola lle deu o nome. Ao longo dos anos os caracteres macro e micromorfolóxicos do xénero conduciron a moitos autores a consideralo como un derivado secotioides do xénero *Amanita* e xa neste século os primeiros traballos de bioloxía molecular sobre estes fungos (MONCALVO *et al.*, 2002) corroboraron este emparentamento. A descrición do xénero gasteroides *Amarrendia* (BOUGHER & LABEL, 2002), que presenta todos os caracteres de *Torrendia* pero sen estipe, marca o termo dunha evolución de certas amanitas cara ao desenvolvemento anxioicárpico (no que o himenio do basiocarpo permanece encerrado) típico dos *gasteromycetes* (NEVILLE & POUMARAT, 2004). O xénero *Torrendia* estivo constituído durante moito tempo por unha sóa especie mediterránea: *Torrendia pulchella*, pero en 1992 describiuse outra especie en Australia: *Torrendia arenaria* O.K. Mill. & E. Horak, (xunto cunha forma *lutescens* de carne que amarela fronte ao tipo de carne branca) que é moi parecida á especie europea, pero que non presenta fibulas, con esporas máis curtas e anchas, con basidios de parede máis grosa e que se encontra en

bosques ou zonas de matogueira con *Eucalyptus*, *Hakea*, *Chamalaucium uncinatum*, *Casuarina* ou *Allocasuarina* (MILLER & HORAK, 1992). Ademais, en 1999 describíronse outras dúas especies en Australia ligadas a *Eucalyptus* ou zonas de matogueira con presenza de *Allocasuarina* ou *Acacia*: *Torrendia inculta* Bougher e *T. grandis* Bougher (BOUGHER, 1999) que recordan moito a *T. pulchella* e que tamén presentan microscopicamente fíbulas, pero con esporas máis curtas (NEVILLE & POURMARAT, 2004). Na relación de especies do *Index fungorum* para o xénero *Torrendia* tamén se inclúe a especie *Torrendia deformans* Bougher, pero desta especie non existe practicamente descrición máis alá dunha mención superficial e imprecisa (BOUGHER, 1996).

*Torrendia pulchella* é unha especie rara e de distribución mediterránea: citada en Portugal, España, Francia, Italia insular, Marrocos e Alxeria (NEVILLE & POURMARAT, 2004). Está incluída na lista vermella de protección europea do anexo I (especies de flora silvestre a protexer) da Convención de Berna (Convención relativa á conservación da vida salvaxe e o medio natural) na que constan 33 especies de fungos e na lista vermella de fungos preliminar para Galicia (DE IONGH, 2007; CASTRO *et al.*, 2010).

En España no norte é rara sendo moito máis frecuente no centro e sur do país, podendo mesmo ser localmente abundante. A primeira cita española data do ano 1976 na Serra de Guadarrama, Madrid (CALONGE *et al.*, 1977) e a primeira en Galicia de 1982, en San Cibrao de Lás, San Amaro, Ourense (CALONGE, 1983).

Remarcar que recentemente os traballos moleculares de JUSTO *et al.* (2010) conduciron finalmente á transferencia dos xéneros *Torrendia* e *Amarrendia* ao xénero *Amanita*, de tal forma que a especie europea *Torrendia pulchella* Bres., actualmente denomínase *Amanita torrendii* Justo, incluíndose no subxénero *Amanita* sección *Caesareae*. As outras especies australianas do xénero *Torrendia* pasan a nomearse como: *Torrendia arenaria* O.K. Mill. & E. Horak = *Amanita arenaria* (O.K. Mill. & E. Horak) Justo; *Torrendia inculta* Bougher = *Amanita inculta* (Bougher) Justo; *Torrendia grandis* Bougher = *Amanita grandis* (Bougher) Justo.

## MATERIAL E MÉTODOS

As descrições e fotografías macroscópicas (*in situ*) fixéronse sobre material fresco, secando

posteriormente varios exemplares. As mostras para estudo microscópico preparáronse con reactivo roxo congo amónico. As observacións fixéronse con microscopio triocular óptico con obxectivos de 10x, 40x e 100x e oculares de 10x, un provisto de micrómetro. As medicións, ademais de mediante o micrómetro do ocular, fixéronse sobre fotografías obtidas cunha cámara Canon 60D acoplada ao triocular, mediante o programa de medición *Piximetre* versión 5.3.

Para a identificación e estudo desta especie useuse fundamentalmente o traballo de NEVILLE & POURMARAT (2004).

## DESCRICIÓN

*Torrendia pulchella* Bres.

= *Amanita torrendii* Justo

Aspecto xeral (Figura 3): basidioma branco ou branco cremoso, inicialmente máis ou menos globoso, semihípoxeo e envolvido nun veo xeral membranoso. Posteriormente desenvólvese un estípe que porta unha cabeza a xeito de píleo semigloboso na súa parte superior e unha volva na inferior.

Píleo: de aspecto semigloboso e un pouco esmagado, deprimido na cara inferior na que se insire ao píleo a xeito de boina sobre este, de entre 0,5 a 2 cm. Externamente rodeado dun fino peridio que envolve a unha gleba de aspecto alveolado (Figura 4).

Estípe de 2-4 x 0,3-0,7, central, esbrancuxado, subcilíndrico ou un pouco esmagado, algo atenuado na súa inserción co píleo e na base na que está envolvido por unha volva membranosa esbrancuxada. Carne branca, inmutable, algo fibrosa e superficie de aspecto esfiado nalgunhas zonas. Tanto píleo coma volva sepáranse facilmente do estípe.

Veo xeral: membranoso e algo friable, esbrancuxado ou cremoso, frecuentemente con restos adheridos de terra e que envolve inicialmente ao basidioma para logo, ao desenvolverse este, quedar como restos sobre o píleo en forma de placas membranosas e unha volva na base do estípe, bastante ampla e facilmente separable.

Gleba: carnosa-subxelatínosa, de aspecto alveolado-loculado pola presenza de lóculos ou cubículos numerosos que conteñen o himenio, de morfoloxía de subsféricos a irregulares pola compresión duns contra outros (Figura 5).



FIG. 3: *Torrendia pulchella* (= *Amanita torrendii*)



FIG. 4: Corte de píleo



FIG. 5: Detalle de gleba e peridio (imaxe de 0,4 x 0,26 cm)



FIG. 6: Basidiosporas



FIG. 7: Basidio

Sabor e olor pouco definidos. Comestibilidade descoñecida.

Basidiosporas: de 12-15,5 x 5,2-6,4  $\mu\text{m}$ . Q= 2,1-2,4. Non amiloides, hialinas, gutuladas, lisas (moi lixeiramente verrugosas, apenas apreciable a microscopio óptico) a maior parte cilíndricas a subelipsoides (Figura 6).

Basidios: 30-50 x 10-15  $\mu\text{m}$ , claviformes, algo irregulares, maioritariamente tetraspóricos (Figura 7).

Veo xeral con esferocistos de 20-60  $\mu\text{m}$  e hifas con presenza de fíbulas (Figura 8).

*Ecoloxía*: especie considerada como ectomicorrízica e polo xeral ligada á vexetación mediterránea especialmente nas zonas con presenza de *Cistus* spp e bosques de árbores de folla perenne como piñeiros (*Pinus radiata* D. Don, *Pinus pinaster* Aiton, *Pinus*




FIG. 8: Esferocisto en velo xeral



*pineae* L.), sobreiras (*Quercus suber* L.), aciñeiras (*Quercus ilex* L.), etc., con chans areentos e silíceos. Xeralmente frutifica en outono ou principio de inverno (NEVILLE & POUMARAT, 2004; COMANDINI et al., 2006).

**Material estudado:** A Rúa de Valdeorras (Ourense), parroquia de Roblido (San Xoán), 480 m de altitude, nun claro dun piñeiral de *Pinus pinaster* con mestura minoritaria doutra vexetación arbórea tipicamente mediterránea como sobreiras (*Quercus suber*, aciñeiras (*Quercus ilex* subsp. *ballota* (Desf.) Samp.), érbedos (*Arbutus unedo* L.) e matogueiras nas que destacan *Cistus salviifolius* L., *Cistus ladanifer* L. subsp. *ladanifer* e *Lavandula stoechas* L. subsp. *sampaiana* Rozeira. Sólo silíceo, granítico e areento. 8 exemplares desenvolvidos atopados (recollidos 3) o 19 de decembro de 2011. Legit e determinavit.: J. Alonso Díaz. LUCUS 191211-01.

**Observacións:** como se comentou, trátase da única especie do xénero *Torrendia* (actualmente transferido ao xénero *Amanita*) citada en España e Europa, polo que atendendo ás súas peculiares características, a súa identificación é sinxela. Con todo, aínda que non se describiron en Europa, sería importante non desprezar outras posibilidades de identificación con especies de *Torrendia* do continente austral (*T. grandis*, *T. inculta* ou *T. arenaria*), e realizar un completo estudo se os exemplares fosen encontrados en bosques de *Eucalyptus* ou outras árbores orixinarias dese continente.

Aínda que se considera unha especie rara no norte peninsular e está incluído na lista vermella preliminar para Galicia, na nosa comunidade encóntrase citada en todas as provincias. As citas coñecidas son:

Na provincia de Ourense en San Cibrao das Láas, concello de San Amaro (CALONGE, 1983, 1990; CASTRO et al. 1993) crecendo nunha zona aberta con algo de vexetación herbácea e pouco arbusto (*sic*). En Chandrexa de Queixa, suba a Ferreiría, no borde dun camiño (LORENZO et al., 2006). En Taboadela, entre *Cistus* sp. (CASTRO & BLANCO-DIOS, 2007). Ademais das citas referenciadas, Juan José Martínez, presidente da xuntanza de micólogos "Os Cogordos" de Ourense, gran micólogo e amigo, confirma a súa presenza habitual nalgúns zonas areentas dos concellos de Ourense, Taboadela e Vilamarín.

Na provincia de Pontevedra cítase en Vilagarcía de Arousa, en piñeiral areento con *Cistus salviifolius*

(MARCOTE, 2010, MARCOTE et al., 2011). En Cristiñade (Pontearreas) en camiño areento baixo *Castanea* sp. e *Ulex europaeus* (REQUEJO, 2009).

Na provincia de A Coruña citada en Camariñas baixo *Cistus salviifolius* (MARCOTE et al., 2009) e tamén mencionada en Sta. Uxia de Ribeira no Parque de San Roque en chan areento baixo *Aesculus hippocastaneum* (castaño de indias) en primavera de 2011 (REFUNGANDO, 2011)

Na provincia de Lugo, citouse de perto de Sarria, en marxe de camiño, con presenza de *Cistus* sp. (CASTRO & BLANCO-DIOS, 2007). Non publicadas ata agora cónstannos 2 citas máis: na Pobra de San Xulián (concello de Láncara) en 2002 e 2003, baixo *Pinus radiata* con presenza de *Cistus salviifolius* en terreo areento, encontradas por quen subscribe este artigo, e en 2003 por José Castro Ferreiro no concello do Corgo, tamén baixo *Pinus radiata* en chan areento. Ambas as dúas localizacións foron posteriormente fortemente alteradas por diversas actuacións humanas (desmontes e curtas) e xa non volveron encontrarse nelas basidiomas desta especie.

## CONCLUSIÓN

*Torrendia pulchella* Bres. (= *Amanita torrendii* Justo), é unha curiosa especie de morfoloxía secotioide, escasamente citada en Europa e circunscrita, de momento, á zona sur mediterránea e norte de África (España, Portugal, Francia, Italia, Alxeria e Marrocos). Na península é relativamente frecuente no centro e sur e escasa no norte aínda que en diversas zonas de Galicia, especialmente na provincia de Ourense, obsérvase con certa frecuencia especialmente nas áreas con bioclima de tendencia mediterránea e xeralmente asociado a vexetación perenne propia destas zonas como piñeiros, sobreiras, aciñeiras e carpazas (*Cistus* spp.) aínda que non exclusivamente. Un aspecto común a tódalas citas consultadas é a presenza en terreos con chans areentos e silíceos (normalmente graníticos). Aínda que polas súas características macro e microscópicas a súa identificación é sinxela, é importante comprobar posibles confusións con outras especies similares australianas (*T. grandis*, *T. inculta* e *T. arenaria*) se os exemplares fosen encontrados en bosques de *Eucalyptus* ou outras árbores orixinarias do continente austral.

Finalmente non debemos esquecer que é unha especie protexida polo que debemos evitar recollela máis alá dalgún exemplar para estudo e respectar e non alterar o medio no que se encontre.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BOUGHER, N.L. (1996). Notes on *Torrendia*, and a request for information about the genus in Australia. *Australasian Mycological Newsletter* 15: 74.
- BOUGHER N.L. (1999). New species of *Torrendia* (Fungi, Agaricales) from remnant woodlands in the wheat-belt region of Western Australia. *Australian Syst. Bot.* 12: 145-156.
- BOUGHER, N. L. & LEBEL, A. (2001). Sequestrate (truffle-like) fungi in Australia and New-Zealand. *Australian Systematic Botany* 14: 439-484.
- BRUNS, T.D.; FOGEL, R.; WHITE, T.J. & J.D. PALMER (1989). Accelerated evolution of a false-truffle from a mushroom ancestor. *Nature* 339: 140-142.
- BRUNS, T.D.; SZARO, T.M.; GARDES, M.; CULLINGS, K.W.; PAN, J.J.; TAYLOR, D.L.; HORTON, T.R.; KRETZER, A.; GARBELOTTO, M. & LI, Y. (1998). A sequence database for the identification of ectomycorrhizal basidiomycetes by phylogenetic analysis. *Molecular Ecology* 7: 257-272.
- CALONGE, F.D.; DE LA TORRE, M. & M. LAWRYNOWICZ (1977). Contribución al estudio de los hongos hipogeos de España. *Anal. Inst. Bot. Cavanilles* 34 (1): 15-31
- CALONGE, F.D. (1983). Algunos hongos raros o nuevos para España. *Lazaroa* 5: 283-289.
- CALONGE, F.D. (1990). Check-List of the spanish *Gasteromycetes* (Fungi, Basidiomycota). *Cryptog. Bot.* 2(1):33-55.
- CASTRO, M.L.; FREIRE, L. & F.D. CALONGE (1993). Catálogo provisional de los *Gasteromycetes* de Galicia (España). *Bol. Soc. Micol. Madrid* 18:87-104.
- CASTRO, M.L. & J.B. BLANCO-DIOS (2007). Algunos basidiomycetes raros o interesantes de la Península Ibérica. *Fungi non delineati* 37: 1-80.
- CASTRO, M.L.; BLANCO-DIOS, J.B. & REQUEJO, O. (2010). Micobiota de Galicia: Conservación de especies e proposta de lista vermella. *Mykes* 13:7-32.
- COMANDINI, O., CONTU, M., RINALDI, A.C. (2006). An overview of *Cistus* ectomycorrhizal fungi. *Mycorrhiza* 16: 381-395.
- DE IONGH, H.H. & D. BAL (2007). Harmonisation of Red List in Europa: some lessons learned in the Netherlands when applying the new IUCN Red List Categories and Criteria version 3.1. *End. Spec. Res.* 3: 53-60.
- DÍEZ, J.; MORENO, G.; FERNÁNDEZ, E. & A. MURIEL (2010). Hongos exóticos de parques nacionales españoles, 159-172. En: Ramírez, L & B. Asensio (Eds.), *Proyectos de Investigación en Parques Nacionales: 2006-2009*. Organismo Autónomo Parques Nacionales, Madrid
- DÖRFELT, H. & E. RUSKE (2010). Hydrophobia of basidiospores as trait of gasteromycetation. *Z. Mykol.* 76/2: 153-170.
- HIBBETT, D.S.; PINE, E.M.; LANGER, E. LANGER, G. & M.J. DONOGHUE (1997). Evolution of gilled mushrooms and puffballs inferred from ribosomal DNA sequences. *NAS* 94 (22): 12002-12006.
- INDEX FUNGORUM en [www.indexfungorum.org](http://www.indexfungorum.org).
- JUSTO, A.; MORGENSTERN, I.; HALLEN-ADAMS, H.E. & D.S. HIBBETT (2010). Convergent evolution of sequestrate forms in *Amanita* under Mediterranean climate conditions. *Mycologia*, 102(3): 675-688.
- KENDRICK, B. (2000). *The fifth kingdom*. 3º ed. Focus Publishing Co. 373 pp.
- LORENZO, P, DASAIRAS, A. & M.L. CASTRO (2006). Aportación ao coñecemento dos macromicetos de Chandrexa de Queixa (Ourense)(II). *Mykes* 9: 43-51.
- MARCOTE, J.M.C. (2010). *Guía dos cogomelos dunares do litoral atlántico galego*. Ed. Cumio. 191 pp.
- MARCOTE, J.M.C.; COSTA, J.M.; POSE, M.; MONTES, R. & TRABA, J.M. (2009). Catálogo de especies recollidas na Costa da Morte polo grupo de estudos micolóxicos de "Pan de Raposo". *Bol. Asoc. Micol. Naturalista "Pan de Raposo"* 13: 35-50.
- MARCOTE, J.M.C.; POSE, M. & TRABA, J.M. (2011). 500 setas del litoral atlántico y noroeste peninsular. Ed. Cumio. 560 pp.
- MILLER, O.K. & E. HORAK (1992). Observations on the genus *Torrendia* and a new species from Australia. *Mycologia* 84: 64-71.
- MONCALVO J.M.; VILGALYS, R.; REDHEAD, S.A.; JOHNSON, J.E.; JAMES, T.Y. AIME, M.C.; HOFSTETTER, V.; VERDUIN, S.J.W.; LARSSON, E.; BARONI, T.J.; THORN, R.G.; JACOBSSON, S.; CLÉMENÇON, H. & O.K. MILLER Jr. (2002). One hundred seventeen clades of euagarics. *Mol. Phylogenet. Evol.* 23: 357-400.
- NEVILLE, P. & S. POUMARAT (2004). *Amaniteae: Amanita, Limacella and Torrendia*. Fungi Europaei Vol. 9. Ed. Candusso. 1120 pp.
- PEINTNER, U.; BOUGHER, N.L.; CASTELLANO, M.A.; MONCALVO, J.M.; MOSER, M.M.; TRAPPE, J.M. & R. VILGALYS (2001). Multiple origins of sequestrate fungi related to Cortinariaceae (*Cortinariaceae*). *American Journal of Botany* 88(12): 2168-2179.
- REFUNGANDO, ASOCIACIÓN MICOLÓXICA (2011). En: <http://refungando.blogspot.com.es/2011/08/rareza-primaveral-en-ribeira-amanita.html>
- REQUEJO, O. (2009). Aportacións corolóxicas ao xénero *Amanita* Pers. en Galicia (N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 12: 37-43.
- THIERS, H.D. (1984). The secotiid syndrome. *Mycologia* 76 (1): 1-8.
- VELLINGA, E.C. & R.P.J. DE KOK (2002). Proposal to conserve the name *Chlorophyllum* Masee against *Endoptichum* Czern. (*Agaricaceae*). *Taxon* 51: 563-564.
- VELLINGA, E.C.; DE KOK, R.P.J. & T.D. BRUNS (2003). Phylogeny and taxonomy of *Macrolepiota* (*Agaricaceae*). *Mycologia* 95(3): 442-456

# Estudios sobre o xénero *Leucocoprinus* na Península Ibérica (III).

J.B. Blanco-Dios

Asociación Micolóxica Brincaboís, R/ Fernando II, Nº 6, 1º esq. 36003 Pontevedra. jbblandios@gmail.com

## RESUMO

Achegamos citas de tres taxóns recollidos en Galicia, entre a que destacamos a que cremos que se trata da primeira cita para a Península Ibérica de *Leucocoprinus heinemannii* var. *melanotrichoides* P. Mohr.

**Palabras chave:** *Leucocoprinus*, taxonomía, Galicia, Península Ibérica.

## SUMMARY

**Studies on the genus *Leucocoprinus* in the Iberian Peninsula (III).**

We contribute appointments of three *taxa* gathered in Galicia, between which we emphasize the one that we believe that it is the first appointment for the Iberian Peninsula of *Leucocoprinus heinemannii* var. *melanotrichoides* P. Mohr.

**Key words:** *Leucocoprinus*, taxonomy, Galicia, Iberian Peninsula.

## ► INTRODUCCIÓN

Nesta terceira aportación ao coñecemento do xénero *Leucocoprinus* Pat. na Península Ibérica (BLANCO-DIOS, 2001; BLANCO-DIOS, 2003) achegamos citas de tres taxóns recollidos en Galicia, en todos os casos en cultivos protexidos (invernadoiros, macetas ou xardiñeiras situadas no interior de edificios), entre a que destacamos a que cremos que se trata da primeira cita para a Península Ibérica de *Leucocoprinus heinemannii* var. *melanotrichoides* P. Mohr.

## MATERIAL E MÉTODOS

Para a descrición macroscópica utilizáronse as notas tomadas nos exemplares frescos e coa axuda das fotografías feitas no momento da recolección. Os reactivos que se empregaron para levar a cabo o estudo microscópico foron vermello congo en auga ao 1%, KOH ao 3%, reactivo de Melzer e azul de cresilo. O material seco estudouse usando técnicas standard de microscopía. Os debuxos das distintas estruturas microscópicas realizáronse coa axuda dun microscopio óptico equipado cun tubo de debuxo ou cámara clara. As *exsiccata* consérvanse no herbario LOU-Fungi, situado no Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Pontevedra), dependente da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

## DESCRICIÓN

***Leucocoprinus heinemannii* var. *melanotrichoides*** P. Mohr, *Feddes Repert.* 115 (1-2): 33. 2004

Píleo de 11-18 mm, de ovoidal a campanulado cando é novo, algo mamelonado despois, plano-convexo a plano-cóncavo coa idade, con disco plano, gris escuro a case negro, con finas, longas e mestas escamas tanto arredor desta zona central como no resto do píleo, gris escuro a negras sobre fondo pálido, gris claro, cremoso ou ocre, con marxe estriado (2-4 mm de ancho), ás veces con restos do anel. As escamas consérvanse en todo o píleo tamén en estado adulto. Frecuente presenza dalgúns reflexos verdosos en todo o píleo, que a coño se deshidrata, volvéndose involuto. Lamelas libres, moderadamente pretas, subventricosas, cremosas e, finalmente, de cor ocre, con arista regular e concolor. Estipe de 22-38 x 1,5-2,5 mm, gradualmente ancheado cara á base (4-7,5 mm na base bulbosa, con numerosos rizomorfos), oco, lustroso, abrancazado, ou, con maior frecuencia, de cor crema-ocre (ocre ao manosealo), recuberto de fibríñas concoloras; anel simple, súpero, membranoso, moitas veces fugaz, branco co marxe gris, ás veces gris escuro; carne branca no píleo e no estipe. Olor fúnxico, a lixivia (exemplares adultos) ou, ás veces, anisado. Sabor entre fúnxico e amargo.

Esporas 5,8-6,7 x (3,3) 3,7-4,2  $\mu\text{m}$ , Q=1,5-1,8 (1,9), (n=30), elipsoidais, elipsoidais-subovoideas ou elipsoidais-amigdaliformes, sen poro xermolativo, dextrínoides, metacromáticas. Basidios 14-20 x 6,5-9  $\mu\text{m}$ , tetraspóricos, anchamente claviformes, rodeado por pseudoparafisos. Queilocistidios 15-27



Fig. 1. *L. heinemannii* var. *melanotrichoides* (LOU-Fungi 19557)




Fig. 2. *L. heinemannii* var. *melanotrichoides* (LOU-Fungi 19560).  
a: esporas; b: basidios; c: queilocistidios; d: pileipellis. Barra=10 m



Fig. 3. *L. ianthinus* var. *subglobisporus*



Fig. 4. *L. straminellus* var. *straminellus* (LOU-Fungi 19554)




Fig. 5. *L. straminellus* var. *straminellus* (LOU-Fungi 19554).  
a: esporas;  
b: basidios;  
c: queilocistidios;  
d: pileipellis. Barra=10 m

x 8-11  $\mu\text{m}$ , de estreitamente claviformes a estreitamente utriformes. Pileipellis formada por hifas irregulares, entrelazadas, con curtos e longos elementos, ata 12  $\mu\text{m}$  de ancho, con pigmento intracelular gris-pardo ou verdoso pardo. Fíbulas non observadas.

**Material estudado:** PONTEVEDRA: Pontevedra, núcleo urbano, 29TNG3097, 30 m, no vestíbulo dun edificio, en xardiñeira de prantas ornamentais, baixo *Aspidistra elatior* e *Scindapsus pictus*, 8-VIII-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19556; *ibidem*, 10-VIII-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19557; *ibidem*, 12-VIII-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19558; *ibidem*, 19-VIII-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19560; *ibidem*, 21-VIII-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19561; *ibidem*, 29-VIII-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19562; *ibidem*, 12-IX-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19563; *ibidem*, 16-IX-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19564.

**Observacións:** as nosas recoleccións deste taxón da sección *Denudati* Herink encaixan bastante ben na descrición desta variedade, que se caracteriza, segundo a diagnose orixinal, por presentar píleo máis pequeno (de ata 15 mm de diámetro), estipe de 20-30 x 2-3 mm (na base ata 5 mm) e esporas de (5,5) 6-6,5 (7) x (3)3,5-4 (4,2)  $\mu\text{m}$ , elipsoidais, elipsoidais-subovoideas ou elipsoidais-amigdaliformes. Deste taxón só coñecemos a cita da descrición orixinal (Kew Garden, Reino Unido) (MOHR & LUDWIG, 2004), encontrada nun invernadoiro, cultivo protexido onde tamén foi atopada por primeira vez a variedade tipo (San Sisto Vecchio, Roma) (MIGLIOZZI, 1987; CANDUSSO & LANZONI, 1990). A escasa rega que sofreu e sofre a xardiñeira onde atopamos este taxón fixo que non volvéramos a velo frutificar en anos posteriores.

**Leucocoprinus ianthinus** var. **subglobisporus** (D.A. Reid) Blanco-Dios, *Fungi non Delineati* 33: 65. 2007

= *Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus* D.A. Reid

Píleo de 15-20 mm, dende ovoidal a campanulado, levemente umbonado. Cutícula parda sobre fondo branco, prontamente disociada (excepto o disco) en pequenas escamas máis escasas cara á marxe típicamente estriada (1,5-4 mm), dispostas radialmente e de cor pardo con reflexos purpúreos, tonalidades que tamén amosa, en menor medida, o propio disco pardusco. As *exsiccata* tamén conservan

nos primeiros meses esas tonalidades purpúreas, pero éstas dilúense co tempo ata case desaparecer. Lamelas libres, anchas, separadas, primeiro abrancazadas, logo cor crema. Estipe 24-28 x 0,6-1,2 mm (1,7-2,8 mm na base), oco, grisáceo e flocoso por riba do anel, gris-ocre con reflexos rosado-purpúreos no tercio inferior, tomentoso, ensanchándose progresivamente desde o anel cara á base bulbosa, nítidamente purpúrea sobre fondo grisáceo. Nas *exsiccata*, estes reflexos purpúreos mantense especialmente na base. Anel simple, súpero, membranoso, abrancazado, persistente. Carne só reseñable no centro do píleo, mais de escaso espesor, e de cor de branco a crema. Olor desagradable. Sin sabor determinado.

Esporas 5,5-6,5 (7) x (3,5) 4-4,5 (5) m., Q= 1,3-1,6 (1,7), (n=30), dende subglobosas a ovadas, con poro xermolativo, dextrinoides, metacromáticas. Basidios 28-42 x 8-11 m., tetraspóricos, claviformes. Queilocistidios 30-65 x 10-27 m., escasos, claviformes, esferopedunculados ou sublaxeniformes. Pileipellis composta por hifas septadas formadas por elementos cilíndricos ou vesiculosos, con elementos terminais piriformes, ovoides (25-41 x 23-29 m.) ou cilíndricos (28-34 x 12-17 m.). Fíbulas non observadas.

**Material estudado:** A CORUÑA: Brión, Liñares, 29TNH2645, 200 m, no patio interior dun edificio, en xardiñeira de prantas ornamentais, baixo *Ficus benjamina*, 3-III-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19555.

**Observacións:** este taxón da sección *Leucocoprinus* xa fora citado por nos de Pontevedra como primeira cita para a Península Ibérica (BLANCO-DIOS, 2001; CASTRO & BLANCO-DIOS, 2007). Como citamos en BLANCO-DIOS (2001) e xa citara REID (1989) na descrición orixinal da variedade, ésta caracterízase por amosar tanto esporas de globosas a subglobosas (de 4,5-6,0 x 4,2-5,0 m) e tamén unha grande proporción de esporas subglobosas a ovais que acadan 6,0-6,75 x 5,0 m., característica que apreciamos tamén nesta mostra estudiada.

**Leucocoprinus straminellus** (Bagl.) Narducci & Carotti, *Mem. Soc. Tosc. Sci. Nat.*, ser. B 102: 49.1995

= *Leucocoprinus denudatus* (Rabh.) Singer

Píleo de 13-30 mm, de ovoidal a campanulado cando é novo, finalmente plano-convexo, con mamelón máis ou menos evidente, de cor amarelo-cremoso ou

amarelo-citrino, recuberto dunhas finas escamiñas da mesma cor que o píleo e marxe claramente estriada (2-3,5 mm). Lamelas libres, mais ou menos pretas, con lamélulas, de cor branco-crema ou amarelo moi pálido. Estipe de 20-50 mm x 0,7-3 mm, liso, oco, engrosado en dirección á base, onde é algo pruinoso, e concolor ao píleo. Anel simple, súpero, membranáceo, fugaz, concolor ao estipe e ao píleo. Carne de cor amarela pálida, sen olor e sabor característicos.

Esporas (4,5) 5-6,5 x (3,5) 4-5  $\mu\text{m}$ , Q=1,4-1,7, (n=30), de elipsoidais a subglobosas, sen poro xermolativo, dextrinoides, metacromáticas. Basidios 13-20 x 6,5-8  $\mu\text{m}$ , tetráspóricos, claviformes, rodeado por pseudoparafisos globosos. Queilocistidios 15-25 x 6-9  $\mu\text{m}$ , ventricosos, tamén claviformes ou subfusiformes. Píleipellis formada por hifas septadas e ramificadas das cales parten elementos globosos, claviformes ou ventricosos apendiculados, o que constitúe unha estrutura himeniforme; tamén poden observarse esferocistos de 12-30  $\mu\text{m}$ . Presenza de pigmento vacuolar. Fíbulas non observadas.

**Material estudado:** A CORUÑA: Brión, Liñares, 29TNH2645, 200 m, en bandeixas de alveolos con plántulas de *Magnolia x soulangeana* obtidas por cultivo *in vitro*, situadas nun invernadoiro de aclimatación, 10-VI-2004, J.B. Blanco-Dios, LOU-

Fungi 19551; *ibidem*, 14-VII-2004, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19552; *ibidem*, 5-I-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19553; *ibidem*, 3-II-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19554. PONTEVEDRA: Pontevedra, núcleo urbano, 29TNG2996, 30 m, en maceta cunhas prantas de flor de Pascua (*Euphorbia pulcherrima*), 12-VIII-2005, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19559.

**Observacións:** este outro taxón da sección *Denudati* xa fora citado en Galicia, pero somentes da provincia de Pontevedra (BLANCO-DIOS, 1998; JUSTO & CASTRO, 2004). Na devandita cita de A Coruña este taxón fructificaba abundantemente e en distintas épocas do ano no sustrato de propagación de prantas ornamentais, axudado polo sistema de rega localizada (*fog*) do invernadoiro e unha temperatura temperada constante.

#### AGRADECIMENTOS

Agradecemos a Marga Fraga (*Cultigar*, Brión) e a Amancio Castro (Pontevedra) a súa colaboración, a Peter Mohr (Berlín) e Vincenzo Migliozi (Roma) que nos achegasen algunhas das referencias bibliográficas consultadas e ao Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia), por facilitarnos a utilización, xestión e conservación do herbario LOU-Fungi.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BLANCO-DIOS, J.B. (1998). Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 6420-6433. *Anales Jard. Bot. Madrid* 56(1): 129-130.
- BLANCO-DIOS, J.B. (2001). Estudios sobre el género *Leucocoprinus* Pat. en la Península Ibérica (I). *Leucocoprinus lilacinogranulosus* (Hein.) Locq. var. *subglobisporus* Reid. *Mykes* 4: 13-15.
- BLANCO-DIOS, J.B. (2003). Estudios sobre el género *Leucocoprinus* Pat. en la Península Ibérica (II). *Leucocoprinus castroi* sp. nov. *Revista Catalana Micol.* 25: 41-47.
- CANDUSSO, M. & LANZONI, G. (1990). *Lepiota* s.l., Fungi Europaei, Vol. 4. Saronno, Italia. 743 pp.
- CASTRO, M.L. & BLANCO-DIOS, J.B. (2007). *Algunos basidiomicetos raros o interesantes de la Península Ibérica*. Fungi Non Delineati, Pars XXXVII. Ed. Candusso. Alassio. 80 pp.
- JUSTO, A. & CASTRO, M.L. (2004). Revisión del género *Lepiota* s.lato en Galicia. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 28: 315-324.
- MIGLIOZZI, V. (1987). *Leucocoprinus heinemannii* Migliozi nov. sp. *Mic. Ital.* 2: 8-13.
- MOHR, P. & LUDWIG, E. (2004). Vier neue Arten aus den Gattungen *Leucoagaricus* und *Leucocoprinus* mit bräunlichen bis rufärbigen Tönungen in den Hutfarben. *Feddes Repert.* 115(1-2): 20-34.
- REID, D.A. (1989). Notes on some leucocoprinoid fungi from Britain. *Mycol. Res.* 94 (5), 641-670.

# *Clitopilus hobsonii* y *Entoloma parasiticum*, dos pequeñas especies de *Entolomataceae* presentes en la Costa da Morte

J.M.C. Marcote<sup>1</sup> & R. Montes Papín<sup>2</sup>

<sup>1</sup> Asociación Micológica Naturalista Pan de Raposo. marcotecee@gmail.com

<sup>2</sup> Asociación Micológica Naturalista Pan de Raposo montesfistera@gmail.com

## RESUMEN

Se describen *Clitopilus hobsonii* y *Entoloma parasiticum*, dos *Entolomataceae* encontrados en la Costa da Morte (A Coruña).

**Palabras clave:** *Clitopilus hobsonii*, *Entoloma parasiticum*, taxonomía, Galicia, España

## ABSTRACT

*Clitopilus hobsonii* and *Entoloma parasiticum*, two small species of *Entolomataceae* present on the Costa da Morte.

*Clitopilus hobsonii* and *Entoloma parasiticum*, two *Entolomataceae* found in the Costa da Morte (A Coruña), are described.

**Key words:** *Clitopilus hobsonii*, *Entoloma parasiticum*, taxonomy, Galicia, Spain.

En este artículo se describen dos pequeños *Basidiomycetes* de la familia *Entolomataceae*. Tanto por su pequeño tamaño como por su rareza, son especies difíciles de ver y no suelen venir descritas en guías de divulgación. Su presencia en los bosques de la "Costa da Morte", en la provincia de A Coruña, nos animó a hacer una descripción detallada de ambas.

## DESCRIPCIONES

*Clitopilus hobsonii* (Berk.) P.D. Orton

*Agaricus hobsonii* Berk.

*Clitopilus pleurotelloides* (Kühner) Joss.

Sombrero de 0,2-1.0 cm de diámetro, redondeado o arrifionado, a veces lobulado, de aspecto pleurotoide. Cutícula tomentosa, de color blanquecino o blanco grisáceo. Margen entero e involuto, a veces algo lobulado.

Láminas escasas, gruesas, algunas bifurcadas, adnatas o separadas, con lamélulas cortas intercaladas, al principio blancas y después cremas con tintes rosados. Arista entera y del mismo color.

Pie muy corto pero manifiesto, excéntrico o lateral, de color blanco y cubierto de una pruina blanca.

**Hábitat:** es una especie saprofita que crece sobre madera descompuesta y restos vegetales. Solitario o en pequeños grupos. Verano y otoño.

Esporas elipsoidales, hialinas, estriadas longitudinalmente y con sección transversal poligonal, con 8-10 ángulos. Esporas con 9 aristas, de 5.9 [6.7; 6.9] 7.7 x 3.5 [4; 4.1] 4.6  $\mu\text{m}$ , Q = 1.4 [1.6; 1.7] 1.9; Me = 6.8 x 4.1  $\mu\text{m}$ ; Qe = 1.7. Basidios tetraspóricos, cistidios no observados. Hifas sin fibulas.

Las esporas tienen unas estrías longitudinales características que son muy difíciles de apreciar con el microscopio óptico, pero en los cortes transversales se aprecia fácilmente una sección poligonal con 8-10 ángulos.

**Material estudiado:** recolectado en Daneiro, Zas, el 17 de julio de 2012, creciendo varios ejemplares sobre un erizo de *Castanea sativa*. Herbario: PR1140712992.

**Observaciones:** es una de las especies más pequeñas del género, de aspecto pleurotoide y pequeño pie lateral. Bien caracterizada macro y



Fig. 1. *Clitopilus hobsonii*




Fig. 2. *Clitopilus hobsonii*-esporas



Fig. 3. *Entoloma parasiticum*



Fig. 4. *Entoloma parasiticum*




Fig. 5. *Entoloma parasiticum*-micro



microscópicamente. *Clitopilus scyphoides* f. *reductus* Noordel. también tiene el pie excéntrico, pero crece directamente sobre el suelo y tiene las esporas más pequeñas. Las especies del género *Crepidotus* pueden parecerse, pero tienen la esporada parda y carecen de pie. Otra especie saprofita lignícola muy parecida a nivel macroscópico es *Hohenbuehelia myxotricha* (Lév.) Singer, pero a nivel microscópico se diferencia muy bien por los abundantes y grandes cistidios metuloides con los ápices cristalíferos.

**Entoloma parasiticum** (Quél.) Ricken

*Claudopus parasiticus* (Quél.) Ricken

*Leptonia parasitica* Quél.

*Rhodophyllus parasiticus* (Quél.) Quél.

Sombrero de 0,3-0,8 cm de diámetro, redondeado o reniforme, de aspecto pleurotoide. Cutícula de color blanco, fuertemente tomentosa en los ejemplares jóvenes y recubierta de finas fibrillas blanquecinas en los maduros. Margen entero e involuto.

Láminas bien desarrolladas, adnatas, separadas, con lamélulas intercaladas, algo ventradas y gruesas, al principio de color blanco y después rosadas.

Pie corto, a veces ausente, excéntrico o lateral, con la superficie totalmente pruinosa y de color blanco.

Carne escasa, sin olor apreciable y sabor no testado.

Hábitat: crece parasitando algunas especies de hongos como *Cantharellus cibarius* o *Coriolus versicolor* y otras *Corticaceae*, pero también se desarrolla sobre corteza podrida de coníferas o sobre musgos vivos. En pequeños grupos. Verano y otoño.

Esporas rosadas, angulosas, con 5-6 ángulos vistas de perfil, subisodiamétricas, con gúttulas, de 8.9 [10; 10.5] 11.6 x 7.6 [8.5; 8.8] 9.7  $\mu\text{m}$ ; Q = 1 [1.2] 1.4 ; Me = 10.2 x 8.7  $\mu\text{m}$  ; Qe = 1.2. Basidios tetraspóricos, de 1.2 [23.4; 84] 106.2 x -1.8 [10; 42.3] 54.1  $\mu\text{m}$ . Cistidios no observados. Hifas con fíbulas.

**Material estudiado:** recolectado en Fisterra, el 10 de julio de 2012, parasitando ejemplares en buen estado de *Cantharellus cibarius*. Herbario: PR1080712990.

**Observaciones:** sobre *Cantharellus* y *Craterellus* también crece *Entoloma pseudoparasiticum*, de tamaño más pequeño, con el sombrero de color pardo claro, esporas más pequeñas y queilocistidios en la arista de la lámina.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BAS, C., KUYPER, T.H., NOORDELOOS, M.E. & VELLINGA, C. (1988). *Flora agaricina neerlandica* Vol. 1. Pág. 84.

BREITEMBACH, J. & KRANZLIN, F. (1995). *Champignons de la Suisse*, Vol. 4, Mykologia Luzern.

MALENÇON, G. & BERTAULT, R. (1970). *Flora des Champignons Supérieurs du Maroc*, tomes 1-2, Faculté des Sciences, Rabat.

MORENO, G. & CHECA, J. (1983). Estudios sobre Basidiomycetes VIII (Agaricales). *Anales del Jardín Botánico de Madrid*, 40 (1).

NOORDELOOS, M.E. (1980). *Entoloma s.l.*. Fungi Europaei 5. Libreria editrice Giovanna Biella, Saronno.

NOORDELOOS, M.E. (2004). *Entoloma s.l.*. *Supplemento*. Fungi Europaei 5A. Edizione Candusso, Alasio.

AARONSEN, A. & ALL (2008). *Funga Nordica, agaricoid, boletoid and cyphelloid genera*. Henning Knudsen & Jan Vesterholt, Nordsvamp, Copenhagen.

# **Schizophyllum commune**: un fungo de interese etnomicolóxico

J. M. Costa Lago

Asociación Micolóxica Naturalista Pan de Raposa. josemaria.costa@usc.es

## **RESUMO**

Apórtanse datos sobre taxonomía, usos medicinais, comestibilidade e patoxenicidade para o ser humano de *Schizophyllum commune*.

**Palabras clave:** *Schizophyllum commune*, etnomicoloxía, cosmopolita.

## **ABSTRACT**

***Schizophyllum commune*: a mushroom of etnomycological interest.**

Data on taxonomy, medicinal uses, comestibility and pathogenicity for the human being of *Schizophyllum commune* is contributed.

**Key words:** *Schizophyllum commune*, etnomycology, cosmopolitan.

**“...cuando mi esposo dice que hay orejitas, me dice que lo acompañe a juntarlas...”**

Muller Iacandona

De taxonomía incerta e distribución cosmopolita, o *Schizophyllum commune* Fr. é un cogomelo cunchado que ten o himenio sulcado por unhas peculiares pseudolamelas fendidas lonxitudinalmente, característica que fai doada a súa identificación no campo ao tempo que xustifica o nome do xénero. Rico en proteínas e nomes populares, constitúe un recurso alimenticio vencellado á pobreza en lonxanos países dos Tristes Trópicos. Xeneroso tamén en propiedades medicinais, pode amosarse, sen embargo, coma un temible patóxeno para o ser humano. Todo isto fai do *Schizophyllum commune* Fr. un fungo de grande interese etnomicolóxico.

### **Posición taxonómica e descrición macroscópica**

*Schizophyllum commune* é a especie tipo dun xénero de **taxonomía incerta e moi discutida**. A sistemática, esa loucura necesaria, sitúao tradicionalmente dentro da orde Agaricales, ben na familia Agaricaceae (KILLERMANN, KAUFFMANN, DODGE...), ben na familia Tricholomataceae (Singer). LOHWAG, no ano 1941, considéao derivado do xénero *Skepperia*, con especies estipitadas e con forma de espátula, que normalmente está asociado á familia Thelephoraceae. COOKE sitúao na familia

Schizophyllaceae, Suborde Porotheliales, Orde Polyporales, mentras que Stalpers inclúeo na orde monoxenérica Schizophyllales, próxima ao xénero *Auriculariopsis* e, polo tanto, cercano a Aphyllophorales. Todo este artificio non nos debe facer tolear pois, como di Gabriel Moreno, o único que non é artificial é o individuo que se atopa na natureza, independentemente da nosa capacidade para recoñecelo. E no campo o *Schizophyllum commune* é moi doado de identificar polos seus hábitos lignícolas e as súas peculiares **características macroscópicas**: carpóforo cunchado, xeralmente sen pé, coa superficie pileica moi flocosa de cor abrancazada e unha sorte de lamelas rosadas ou griseiras fendidas lonxitudinalmente. Estas pseudolamelas fórmanse pola agregación de diferentes corpos fructíferos que permanecen unidos por un abundante tomento cuticular común e teñen a propiedade de ser higroscópicas, abríndose en tempo húmido e arrolándose para protexer o himenio cando vira a seco.

No que se refire ao seu **hábitat e distribución**, estamos a falar dunha especie cosmopolita moi común, que medra saprófita durante todo o ano en todo tipo de sustratos: madeira tanto de frondosas

como de coníferas, restos herbáceos, pacas de herba seca (en Irlanda leva anos causando graves perdas económicas aos granxeiros) ou incluso sobre restos de animais (pel, cornos..., mesmo en ósos de balea, según COOKE). Ás veces aparece como parásito de distintas plantas (*Prunus*, *Tilia*...) ou mesmo do ser humano, como veremos máis adiante. En Córdoba téñense atopado medrando nos froitos caídos do marmeleiro. Pena de foto.

#### Usos humanos: comestibilidade

Especie de contexto coriáceo, o esquizófilo é considerado un cogomelo sen interese culinario e coa cualificación de NON COMESTIBLE aparece en calquera obra de divulgación que poidamos consultar. Nembargantes xa COOKE, nun traballo do ano 1961, fálanos do seu uso como alimento ou como unha especie de goma de mascar no Congo, Perú ou Tailandia, entre outros países. De feito *Schizophyllum commune* é a especie máis coñecida e consumida nos trópicos de todo o mundo. En México, onde é coñecido co nome de "orejitas", é un dos cogomelos favoritos nos mercados e os vendedores comentan que cando abundan despois

da tempada de chuvias, a xente cómeos polo menos unha vez por semana, utilizándoos sobre todo para facer sopas. Na Selva Lacandona, en Chiapas, consumen cocidas as "orejitas café" de forma ocasional, xa que prefiren as "orejitas brancas" (*Pleurotus djamor*), por seren menos correúdas. O aproveitamento sobre todo de fungos lignícolas é comprensible pola maior resistencia dos seus carpóforos a condicións de temperatura e humidade altas. Nos trópicos todo apodrece máis rápido.

*Schizophyllum commune* é tamén o cogomelo favorito dos Majangir, grupo étnico etíope que habita no escarpado suroeste do país, cuberto aínda por un denso bosque. Con este fungo enriquecen unha monótona dieta a base de ñame, mandioca, batata ou millo. Despois da colleita, os Majangir machacan os cogomelos con dous tipos de pedras, unha pequena empregada a xeito de martelo e outra grande que fai a función de morteiro. Os cogomelos moídos son fervidos nunha ola de barro con sal, se é posible, ou con especias e logo sérvense con ñame ou taro (*Colocassia esculenta*). Este prato ten un sabor que recorda á carne de venado e por iso é coñecida como



*Schizophyllum commune*



*Schizophyllum commune*



*Schizophyllum commune*



Detalle del himenio

"Carne dos Majangir". O *S. commune* é tamén consumido como alimento de emerxencia polos pobos Songola, Eala, Rungu-Wamba e Immu da República Democrática do Congo, que coñecen este fungo cos nomes de "tukunw" ou "buangi".

#### Usos medicinais

Cunhas propiedades coñecidas xa de vello pola medicina tradicional chinesa, o *S. commune* utilízase en forma de infusións contra a leucorrea. Produce un polisacárido inmunoestimulante denominado "esquizofilano" ou "sonifilano" que serve para tratar o cancro cervical e o carcinoma de pulmón de Lewis, entre outras doenzas. Según Francisco Calonge é un estimulante da produción de leite materna despois do parto, propiedade que comparte con *Xylaria polymorpha*. Están demostradas as súas propiedades antibióticas fronte a *Staphylococcus aureus*, *Escherichia coli*, *Klebsiella pneumoniae* e *Pseudomonas aeruginosa*. Tamén estimula a vitalidade orgánica e aumenta a produción de interferóns.

#### Olo ao piollo: *Schizophyllum commune* como fungo patóxico para o ser humano

A pesar do visto anteriormente, convén ter coidado á hora de consumir este cogomelo, cando menos crú. O seu uso como goma de mascar por distintos grupos étnicos amazónicos ten provocado graves micoses que nalgúns casos derivaron en parálises irreversibles ao instalarse as esporas na médula espinal dos consumidores. E temos datos que nos avisan de que non só hai que ter coidado á hora de consumilo senón tamén cando o manipulamos. Aínda que son casos raros e illados, o *Schizophyllum commune* está citado na literatura médica como o axente directo causante de distintas infeccións en pacientes inmunodeficientes: sinusites crónicas ou alérxicas, transtornos pulmonares, lesións ulcerosas con perforación do padal, meninxites atípicas e onicomicoses, sobre todo nas dedas dos pés. Todo isto invita certamente á reflexión e á posta en práctica dunhas mínimas precaucións hixiénico-sanitarias á hora de manipular este fungo.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BRADY, W.C.; O'KIELY, P.; FORRISTAL, P.D. & FULLER, H. (2005). *Schizophyllum commune* on big-bale grass silage in Ireland. En: *Mycologist*, vol. 19, part. 1, pp. 30-35.
- COOKE, W. B. (1961). The genus *Schizophyllum*. En: *Mycologia*, 53(6), pp. 575-599.
- CORTECUJISSE, R. (1995). Taxonomy of Some Fungi Used by the Songola People (Zaire). En: *African Study Monographs*, 16(1), pp. 45-60.
- DIEGO CALONGE, F. de (2011). *Hongos medicinales*. Mundi-Prensa. Madrid.
- MORENO HORCAJADA, G.; GARCÍA MANJÓN, J. L. (2010). *Guía de hongos de la Península Ibérica*. Omega. Barcelona.
- RESTREPO, Á.; GREER, D. L.; ROBLEDO, M.; OSORIO, O. & MONDRAGÓN, H. (1971). Ulceration of the palate caused by a basidiomycete *Schizophyllum commune*. En: *Sabourandia*, 9, pp. 201-204.
- RUAN SOTO, F.; GARIBAY DRIJEL, R. & CIFUENTES, J. (2004). Conocimiento micológico tradicional en la planicie costera del Golfo de Méjico. En: *Revista Mexicana de Micología*, vol. 19, pp. 57-70.
- RUAN SOTO, F.; CIFUENTES, J.; MARIACA, R.; LIMÓN, F.; PÉREZ-RAMÍREZ, L. & SIERRA, S. (2009). Uso y manejo de hongos silvestres en dos comunidades de la Selva Lacandona, Chiapas, México. En: *Revista Mexicana de Micología*, 29, pp. 61-72.
- TJUNO, N. (2001). Mushroom utilization by the Majangir, an Ethiopian tribe. En: *Mycologist*, vol. 15, part. 2, pp. 78-79.

# Paraíso micológico de la isla de Cortegada (Pontevedra)

S. De La Peña Lastra

Monforte de Lemos (Lugo). (saul.delapena@gmail.com)

## RESUMEN

Se resumen los resultados obtenidos en el estudio micológico que se está llevando a cabo en la isla de Cortegada (Pontevedra)

**Palabras clave:** isla de Cortegada, catalogación micológica, taxonomía, Galicia, España

## ABSTRACT

**Paradise micological of Cortegada's island (Pontevedra).**

The results obtained in the micological study that is carried out in Cortegada's island (Pontevedra) is done.

**Key words:** Cortegada's island, micological study, taxonomy, Galicia, Spain.

A las más de 500 especies presentadas en la Guía micológica de la isla de Cortegada (inédita), hay que añadirle otras 100 especies nuevas y aproximadamente otras 100 sin identificar. Esta Isla nunca deja de sorprender, resulta increíble que en su reducida superficie (43,8 ha terrestres) se encuentren sobre 700 especies distintas y aún con posibilidades de más descubrimientos. Es una superficie única en muchos aspectos pero en micología no hay nada comparable en Europa. Independientemente de las especies consideradas raras, poco frecuentes o incluso primeras citas, lo más interesante es la cantidad tanto de carpóforos como de especies y su distribución. Otro aspecto a tener en cuenta en su biodiversidad es que, a pesar de su reducido tamaño, coexisten una gran variedad de influencias climáticas que se podrían determinar exclusivamente por algunas de las especies encontradas. Así, en la parte norte, se encontró el *Hygrocybe calyptiformis*, seta que suele aparecer por encima de la cota de 800 m y, en el extremo opuesto, en el sur, se descubrió *Torrentia pulchella*, hongo propio de zonas meridionales. En los últimos años se está viendo muy perjudicada por el cambio ambiental, destacando la reducción considerable de las nieblas que afectan a la humedad y condiciones tan particulares que poseía la Isla. Por ello es interesante conservar la *Hedera hibernica* ya que crea a nivel del suelo un ambiente particular que permite el desarrollo de hongos con comportamientos

muy distintos como especies de prado o de clima subalpino en el interior del bosque. De mayor importancia es el control de especies peligrosas o muy agresivas para los micelios como *Sus scrofa* (jabalí) u otras similares.

Entre las 100 especies identificadas destacamos: *Armillaria mellea* y *Armillaria gallica* (también presente en la Isla *Armillaria tabescens* ya nombrada en la Guía), de tan conocida peligrosidad como parásitos que, junto con otros ya identificados con anterioridad como *Phellinus* spp., *Ganoderma* spp., etc. y la actuación de los numerosos temporales, generan una continua renovación del bosque.

También es de destacar el elevado número de saprófitas, como algunas de las primeras citas que comentaremos. Algunas muy raras como *Dendrocollybia racemosa* (11/12/2011, típica de zonas muy húmedas, también encontrada por nosotros en Galicia en hayedos a más de 1000 m de altitud), *Entoloma jahnii* (23/06/2007), *Entoloma parasiticum* (22/06/2012, parasitando a *Cantharellus cibarius*, 2ª cita para Galicia), *Hygrocybe berkeleyi* (23/12/2011), *Leucoagaricus jubilaiei* (10/09/2008), *Leucoagaricus purpureorimosus* (10/09/2008) y *Volvariella surrecta* (12/12/2009, especie parásita de *Clitocybe nebularis*).

Algunas primeras citas para Galicia como *Agaricus bohusii* (21/05/2005), *Amanita huijsmanii*

(12/12/2009), *Entoloma flocculosum* (08/04/2006), *Favolaschia calocera* (11/12/2011 - 22/06/2012, especie potencialmente invasora originaria de Madagascar encontrada en dos

ocasiones creciendo sobre ramas de laurel y roble), *Leucoagaricus tener* (22/12/2011), *Scutellinia umbrorum* (22/12/2011) y *Xylaria digitata* (11/12/2011).



*Armillaria mellea*



Buscando setas en la isla de Cortegada

# Especies comestibles que se poden encontrar nas plantacións de eucalipto.

J.B. Blanco-Dios

Asociación Micolóxica Brincaboís. R/ Fernando II, Nº 6, 1º esq. 36003 Pontevedra. jbbiancodios@gmail.com

## RESUMO

Tradicionalmente entre os afeizoados aos cogumelos se lle ten achacado ás prantacións de eucalipto ser un lugar onde non medran cogumelos interesantes dende un punto de vista comestible. Esta pequena aportación tenta desmitificar estas afirmacións aportando datos que as desminten.

**Palabras chave:** *Eucalyptus*, cogumelos comestibles, Galicia, Península Ibérica, Europa.

## SUMMARY

**Edible species that they can find in the plantations of *Eucalyptus*.**

Traditionally between the fans of the mushrooms he has been imputed to the plantations of *Eucalyptus* to be a place where dende cannot be interesting mushrooms an eatable point of view. This small contribution tries to demythologize these affirmations contributing information that they them deny.

**Key words:** *Eucalyptus*, edible mushrooms, Galicia, Iberian Peninsula, Europe.

Os distintos taxóns do xénero *Eucalyptus* que se encontran cultivados na Península Ibérica ocupan xa unha superficie considerable, onde destaca unha comunidade como Galicia, onde 396.000 ha están colonizadas tanto por eucaliptais puros como formando masas mixtas, onde os eucaliptos están misturados con outras especies como o carballo (*Quercus robur*) e/ou o piñeiro bravo (*Pinus pinaster*).

Nos últimos 15 anos a superficie forestal adicada a eucaliptais en Galicia duplicouse, ao pasar das 138.500 hectáreas contabilizadas en 1996 segundo o inventario forestal do entón denominado Ministerio de Medio Ambiente ás 396.000 actuais recollidas no informe publicado por Greenpeace no ano 2011. En relación a estes datos, na comunidade galega cultívanse mais da metade (52,1%) das 760.000 hectáreas contabilizadas no conxunto de España.

Tradicionalmente entre os afeizoados aos cogumelos se lle ten achacado ás prantacións de eucalipto ser un lugar onde non medran cogumelos interesantes dende un punto de vista comestible. Esta pequena aportación tenta desmitificar estas afirmacións aportando datos que as desminten.

En base aos nosos datos e aos recollidos especialmente nos traballos de LAGO (2008) e LAGO & CASTRO (2003) adicados ao estudio da micoflora

de basidiomicetos dos eucaliptais do NO da Península Ibérica (Galicia, Asturias e Norte de Portugal) e nos estudos de ALONSO *et al.* (2000,2001,2002) e PÉREZ BUTRÓN *et al.* (2003ab,2004ab,2005ab,2006,2007,2012), centrados nas provincias de Biscaia e Cantabria, temos constancia da presenza de 164 taxons comestibles dun total de 721 taxones referenciados para a Península Ibérica baixo as distintas especies cultivadas do xénero *Eucalyptus*, número que sinala a grande diversidade da micoflora que albergan estas especies arbóreas procedentes de Oceanía. *Eucalyptus globulus* é a especie maioritariamente cultivada nas comunidades con maior superficie adicada ao cultivo do eucalipto como son Galicia, Asturias ou Cantabria, pero tamén se encontraron parte destes cogumelos baixo outras especies como *E.camaldulensis*, *E.delegatensis*, *E. nitens*, *E.rudis*, *E.viminalis* ou baixo taxons deste xénero sen determinar (*Eucalyptus sp.*).

Destes taxóns comestibles, os 59 seguintes destacan pola súa calidade comestible, entre boa e excelente:

- *Agaricus altipes* (F.H. Møller) F.H. Møller
- *Agaricus arvensis* Schaeff.
- *Agaricus augustus* Fr. var. *augustus*
- *Agaricus bitorquis* (Quél.) Sacc.

- *Agaricus campestris* L.: Fr. var. *campestris*
- *Agaricus campestris* var. *squamulosus* (Rea) Pilát
- *Agaricus cappellianus* Hlaváček
- *Agaricus impudicus* (Rea) Pilát
- *Agaricus langei* (F.H. Møller) F.H. Møller
- *Agaricus osecanus* Pilát
- *Agaricus silvaticus* Schaeff.
- *Agaricus sylvicola* (Vittad.) Sacc. var. *sylvicola*
- *Agaricus urinascens* (F.H. Møller & Jul.Schäffer) Singer var. *urinascens*
- *Amanita ovoidea* (Bull.: Fr.) Link
- *Amanita rubescens* (Pers.: Fr.) Gray
- *Boletus aereus* Bull.: Fr.
- *Boletus aestivalis* (Paulet) Fr.
- *Boletus edulis* Bull.: Fr.
- *Boletus erythropus* (Pers.: Fr.) Pers.
- *Calocybe gambosa* (Fr.) Donk
- *Cantharellus cibarius* var. *pallidus* R. Schulz
- *Cantharellus cibarius* var. *albidus* Maire
- *Cantharellus cibarius* Fr. var. *cibarius*
- *Cantharellus friesii* Quéf.
- *Cantharellus gallaecicus* (Blanco-Dios) Olariaga
- *Cantharellus pallens* Pilát (=C. subpruinus) Eyssartier & Buyck
- *Cantharellus pseudominimus* Eyssartier & Buyck
- *Cantharellus romagnesianus* Eyssart. & Buyck
- *Chlorophyllum rhacodes* (Vittad.) Vellinga
- *Clitocybe nebularis* (Batsch: Fr.) P. Kumm.
- *Clitopilus prunulus* (Scop.: Fr.) Quéf.
- *Coprinus comatus* (O.F.Müll.) Gray
- *Craterellus cornucopioides* (L.: Fr.) Pers.
- *Craterellus tubaeformis* (Fr.) Quéf.
- *Helvella crispa* (Scop.) Fr.
- *Hydnum albidum* Peck
- *Hydnum repandum* L.: Fr.
- *Laccaria amethystina* Cooke
- *Laccaria bicolor* (Maire) P.D. Orton
- *Laccaria laccata* (Scop.) Cooke var. *laccata*
- *Laccaria laccata* var. *pallidifolia* (Peck) Peck
- *Laccaria lateritia* Malençon
- *Laccaria striatula* (Peck) Peck
- *Laccaria tortilis* (Bolt.) Cooke
- *Lepista nuda* (Bull.: Fr.) Cooke
- *Lepista sordida* (Schumach.) Singer
- *Leucoagaricus leucothites* (Vittad.) Wasser
- *Macrolepiota fuliginosa* (Barla) Bon
- *Macrolepiota mastoidea* (Fr.: Fr.) Singer var. *mastoidea*
- *Macrolepiota mastoidea* var. *coccineobasalis* (Locq.) Bon
- *Macrolepiota permixta* (Barla) Pacioni
- *Macrolepiota procera* (Scop.: Fr.) Singer var. *procera*
- *Macrolepiota subsquarrosa* (Locq.) Bon
- *Marasmius oreades* (Bolt.: Fr.) Fr.
- *Morchella elatoides* Jacquet.
- *Pseudocraterellus sinuosus* (Fr.: Fr.) Reid
- *Tricholoma joachimii* Bon & Riva
- *Tricholoma portentosum* (Fr.: Fr.) Quéf.
- *Xerocomus badius* (Fr.: Fr.) J.-E. Gilbert

Coa recopilación de datos aportados neste artigo queremos facer ver que as plantacións de eucaliptos (moí especialmente os eucaliptais adultos) constitúen un medio interesante para os apañadores de cogumelos comestibles, dada a nada desdeñable relación de taxóns comestibles que se poden encontrar nestas plantacións.



*Cantharellus cibarius* var. *cibarius*





*Lepista nuda*



*Macrolepiota procera*

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALONSO, J.L., FERNÁNDEZ, J. & PÉREZ BUTRÓN, J.L. (2000). Setas de los eucaliptales de la cornisa cantábrica y catálogo micológico de los eucaliptales. *Yesca* 12: 19-40.

ALONSO, J.L., FERNÁNDEZ, J., PÉREZ BUTRÓN, J.L. & PÉREZ PUENTE, J.L. (2001). Setas de los eucaliptales de la cornisa cantábrica (III) y catálogo micológico de los eucaliptales (II). *Yesca* 13: 18-38.

ALONSO, J.L., FERNÁNDEZ, J., PÉREZ BUTRÓN, J.L. & PÉREZ PUENTE, J.L. (2002). Setas de los eucaliptales de la cornisa cantábrica (IV) e catálogo micológico de los eucaliptales (III). *Yesca* 14: 18-41.

LAGO, M. (2008). Micoflora (*Basidiomycota*) de los eucaliptales del NO de la Península Ibérica. *Guineana* 14: 1-502.

LAGO, M. & CASTRO, M.L. (2003). Flora micológica (*Macrobasidiomicetos*) do eucalipto na Península Ibérica. *Mykes* 6: 3-111.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J. & ALONSO, J.L. (2007). Setas de los eucaliptales de la Cornisa Cantábrica (IX). Catálogo micológico de los eucaliptales (VIII). *Yesca* 19: 43-51.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J., ALONSO, J.L. & PÉREZ PUENTE, A. (2003). Aproximación al catálogo micológico de los eucaliptales de la cornisa cantábrica (2). *Bol. Soc. Micológica Extremeña* 2: 12-19.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J., ALONSO, J.L. & PÉREZ PUENTE, A. (2004). Aproximación al catálogo micológico de los eucaliptales de la cornisa cantábrica (3). *Bol. Soc. Micológica Extremeña* 3: 14-18.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J., ALONSO, J.L. & PÉREZ PUENTE, A. (2005). Aproximación al catálogo micológico de los eucaliptales de la cornisa cantábrica (4). *Bol. Soc. Micológica Extremeña* 4: 46-50.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J., BARRIO, L. & ALONSO, J.L. (2003). Setas de los eucaliptales de la Cornisa Cantábrica (V). Catálogo micológico de los eucaliptales (IV). *Yesca* 15: 19-39.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J., BARRIO, L. & ALONSO, J.L. (2004). Setas de los eucaliptales de la Cornisa Cantábrica (VI). Catálogo micológico de los eucaliptales (V). *Yesca* 16: 20-41.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J., BARRIO, L. & ALONSO, J.L. (2005). Setas de los eucaliptales de la Cornisa Cantábrica (VII). Catálogo micológico de los eucaliptales (VI). *Yesca* 17: 27-50.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., FERNÁNDEZ, J., BARRIO, L. & ALONSO, J.L. (2006). Setas de los eucaliptales de la Cornisa Cantábrica (VIII). Catálogo micológico de los eucaliptales (VII). *Yesca* 18: 33-49.

PÉREZ BUTRÓN, J.L., ALONSO ALONSO, J.L. & FERNÁNDEZ VICENTE, J. (2012). *Estudio y catalogación de la micoflora de los eucaliptales de Cantabria y Bizkaia*. 64 pp.

## Media ducia de especies fúnxicas pouco frecuentes

L. Dapena Méndez. Xuntanza de Micólogos Os Lactouros (Monforte de Lemos, Lugo)

Levamos xa unhas cantas tempadas outonais pouco boas micolóxicamente pola bisbarra de Lemos. Foron outonos moi secos, con moi poucas augas, os destes últimos anos e, por élo, foron escasos e chegados a destempo os cogomelos, xa que cando principaban a quer saír as xeadas non llelo permitían. Mais aínda así sempre se consegue atopar algunha que outra especie que faga aumenta-lo número delas no noso rol particular. Xa que logo ímonos referir a media ducia de especies que, para nós, foron novidades que ollábamos de primeiras, anque as conecésemos dos libros. Por rigorosa data de achádego foron elas:

### ***Boletus fechtneri* Velenovski**

Atopámola o 19-09-08, a finais do verao, nesa única ocasión e un soio exemplar –o da fotografía-. O lugar de achádego foi o talude da beira dun camiño, baixo carballos, na parróquia de Bascós (Monforte de Lemos). Crémos trátase dunha especie fúnxica que non ofrece dúbidas a súa determinación. O exemplar, a meio desenrolar, presentaba a seguinte morfoloxía:

Sombreiro: hemisférico, coa beira un pouco involuta, de cor branca por estare recuberta dunha pruina desa cor anque polo centro, onde a pruina escomezaba a desaparecer, advertíase unha cutícula de ton pardo-rosáceo. Os tubos do himenio tiñan cor amarela con tendencia a voltárense azuí-verdosos, cor que adquiren ó premelos, e deixaban ceibe o pé, se ben algúns deles, moi poucos, eran algo decorrentes.

Pé: de cor amarela, cunha banda finamente rediculada de cor rosácea no centro do mesmo, e de feitura fibrosa.

Carne: consistente ou espesa, un pouco rosácea baixo a cutícula e o resto amarela; tórnase ó corte lixeiramente azuí-verdosa, para retornar logo á primeira das cores.

Supomos sexa unha especie comestíbel maila súa rareza fai que a consideremos especie a protexer.



*Boletus fechtneri*



*Mitrula paludosa*



*Mitrula paludosa*



*Coprinus cortinatus*



*Gymnopus erythropus*



*Stropharia rugosoannulata*

### ***Mitruła paludosa* Fr.**

Achádego feito perante unha excursión de sendeirismo feita por "Os Lactouros" pola parróquia de Saa (Pobra de Brollón), a data do 09-05-10. As fotos fixéronse no día seguinte, voltando ó lugar para élo. Presenta as seguintes características morfolóxicas: un carpóforo a xeito de porra, oco no interior e por élo moi fráxil, de cor amarela-ovo ou amarela-laranxa. Un pé delgadiño, e dúas ou tres veces máis longo có carpóforo, de cor branco-grisácea. Esta especie fúnxica atopámola nunha grandeira charca e parte dos pés soportándose sobor pequenas ramiñas e follas de carballo. Seica é éste o seu hábitat natural. Dádolo seu pequeno porte, 2-4 cm de diámetro, súa cor, e seu hábitat, esta especie non ofrece confusión posíbel. Ven recollida no libro "Cogomelos de Galicia" de Marcote, Pose e Traba, edic. 2009.

### ***Coprinus cortinatus* J.E. Lange**

Esta pequena especie fúnxica saíu nuns maceteiros con prantas ornamentais que crecían en terra vexetal nunha cafetería de Monforte de Lemos. É unha especie gregaria aínda que algún exemplar ten saído ailladamente. Os carpóforos veñen ter entros 0,5-1 cm de diámetro e son de cor branco-grisácea co mamelón un pouco máis escuro de cor marrónácea. O pé é branco, liso e brillante, duns 40-60 mm x 0,5-1,5 mm, oco e por élo moi fráxil. Crémos seren inconfundíbeis pola cortina –daí seu apelido- a xeito de telará que recobre os carpóforos, coma se poden ollar nas fotografías dos mesmos, que se adxuntan, feitas o 25-11-11 e o 01-07-12

### ***Gymnopus erythropus* (Pers.) Antonín, Halling & Noordel.**

Fotografados o 30-11-11 "in situ", sobor dun toro vivo de carballo recuberto de mosgo, a unha outura dun metro e meio, nunha carballeira da parróquia de Canaval (Sober). Os sombreiros entre 3-5 cm de diámetro teñen xeito de campá a non ser un déles, do que se amosa o himenio, que por estare totalmente aberto tiña aspecto máis chan. A cor moi variábel: branco-crema pola beira e rosáceo, con partes bermello-afresadas cara o centro. O pé, da cor do sombreiro, cilíndrico, longo e máis ou menos oco, con certa elasticidade. As lamelas de cor branca, separadas, con outras máis pequenas intercaladas nas beiras do sombreiro. Carne escasíña, con sabor e cheiro a fungo. Esta especie ven recollida no libro "Cogomelos de Galicia", xa referido.

### ***Stropharia rugosoannulata* Farl. ex Murril**

Desta especie trouxéronnos unhos exemplrais un sábado pro non chegaron as nosas mans, xa moi deterioraos, ata o luns seguinte. Dixósenos que había moitos máis e alá fomos, un horto de repolos na parróquia de St<sup>a</sup>. María de Eiré (Pantón). Levaba xeando moi duramente e, cando chegamos ó lugar, aínda que certo o abondo de exemplrais, éstes ficaban queimados e apodrecidos polas baixas temperaturas. Somentes poidemos aproveitar os tres exemplrais da foto, un déles –o do pé– “in situ” e os outros dous deitados, postos perto dél. As características morfolóxicas:

**Sombreiro:** de cor marronácea con destelos purpuráceos; algúns exemplrais xa apodrecidos superaban os 20 cm de diámetro (os fotografados: 8-12 cm.); hemisféricos pro de contorno irregular; carnosos; a cutícula separábase con facilidade da carne.

**Lamelas:** anque ceibes do pé, ben achegadas ó mesmo, de cor gris-violáceas, máis craro –cáseque brancas polas beiras– nos exemplrais vellos e apodrecidos. Moi densas e pertas, con lameliñas intercaladas.

**Carne:** Branca, espesa, sen sabor nen creiro determinados.

**Pé:** fibroso, recuberto de fibrilas amarelas, curvo e bulboso. Anque a bibliografía dí posuir un anelo

grandeiro e forte, crémos que polas xeadas, non eran moi apreciábeles anque sí a marca déles. Ó parecer é un cogomelo comestíbel pro, dácala súa rareza, deberíamolo considerar especie a protexer.

### ***Psathyrella conopilus* (Fr.) A. Pearson & Dennis**

Esta especie atopámola o 22-04-12, perante a excursión de sendeirismo que fixemos “Os Lactouros” polo Concello de Parada do Sil, nun lugar da parróquia de San Mamede de Forcas. Saían sobor follas e outros restos vexetais en descomposición na beira dun sendeiro. Fácilmente recoñécíbel polo sombrero de cor chicolate, máis escuro nos exemplrais xóvens e máis craro nos exemplrais xá abertos e, polo tanto, máis vellos. A beira do sombrero é de cor branca. Os pés son cilíndricos, brancos e lisos, duns 8-12 cm x 2-3 mm., e moi fráxiles. As lamelas, moi pertas, nun principio brancas vanse logo escurecendo ata voltárense case mouras. Voltamos ós sombreros para dicir que os exemplrais xóvens teñen feitura de campá, cun mamelón ben sinalado que persiste nos máis vellos, medindo entros 2-4 cm de diámetro. A carne, ben escasíña, probámola e tiña unha dozura agradábel.
